

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión ordinaria do 1 de outubro de 2012

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego

Invitado:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás 14,00 horas do día un de outubro de dous mil doce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. García Alvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1150).- ACTA ANTERIOR. Apróbanse as actas das sesións: ordinaria do 14.09 e extraordinaria e urxente do 17.09.2012. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

28(1151).- CONCESIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR. EXPTEs: 210/14, 146/16, 1739/13, 1882/13, 244/24, 1391/04 E 421/16.

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo cos informes-proposta do xefe de Área de Benestar Social, do 19 e 20-09-2012, conformado pola concelleira-delegada da Área de Política e Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar a:

- D^a Filomena Fernández Freire. Expte. 210/14.
- D^a Josefa Sanmartín Caeiro. Expte. 146/16.
- D^a Concepción Méndez Velasco. Expte. 1739/13.
- D^a Benigna Martínez Estévez. Expte. 1882/13.
- D^a M^a Angeles Vázquez. Expte. 244/24.
- D^a Peregrina Correa Carrera. Expte. 1391/04.
- D. Mariano Barros González. Expte. 421/16.

3(1152).- DAR CONTA DOS EXPEDIENTES DE CONTRATO MENOR TRAMITADOS NO DEPARTAMENTO DE POLÍTICA DE BENESTAR, DENDE MAIO A AGOSTO 2012. EXPTE. 78485/301.

Dáse conta dos expedientes de contrato menor tramitados no departamento de Política de Benestar, de maio a agosto 2012, segundo informe da técnica de Servizos Económicos, do 17.09.2012:

DATA	CONCEPTO	PARTIDA	Nº OPERACIÓN	IMPORTE EUROS	TERCEIRO
02/05/12	TALLER MUSICOTERAPIA	2260902	201200024148	5.085,00	ANDREA GOMEZ NAVARRETE
02/05/12	TALLER RELAXACION	2260902	201200024149	1.305,00	SANDRA GRACIELA VERBA SZERMAN
07/05/12	OBRADOIROS PREVENCIÓN ESCOLAR	2279908	201200025511	8.400,00	ALBORADA
08/05/12	TALLERES RISA ACTIVA E VIVIR EN POSITIVO	2260902	201200025990	6.750,00	M ^a PILAR LORENZO REPRESAS
09/05/12	ASESORAMENTO E SUPERVISIÓN SERVIZO BENESTAR SOCIAL	2279900	201200026295	6.800,00	CARLOS GUILLEN GESTOSO
14/05/12	PROGRAMA MAIS QUE UN TEITO	2279908	201200026973	1.950,00	MADRO
14/05/12	PROGRAMA MAIS QUE UN TEITO	2279908	201200026974	500,00	ERGUETE
16/05/12	TALLERES DANZAS DO MUNDO, SAUDE E DIVERSIÓN E PILATES	2260902	201200027983	6.930,00	VICTOR GONZALEZ ROMERO
21/05/12	TALLER MEMORIA ACTIVA	2260902	201200027377	1.680,00	ASOC. FAMILIARES DE ALZHEIMER
21/05/12	SERVIZO AUTOBUS PROGRAMAS MAIORES	2260902	201200027378	12.000,00	AUTOCARES LA FLORIDA, S.A.L.
21/05/12	TALLERES MEMORIA ACTIVA	2260902	201200027379	4.020,00	CRUZ ROJA ESPAÑOLA
21/05/12	TALLERES INFORMÁTICA	2260902	201200027380	3.000,00	HERMES SISTEMAS, S.L.
30/05/12	INFORMES AVALIACIÓN VIVENDAS	2270600	201200031880	4.779,00	ORLANDO ABILDUA CAPETILLO
28/06/12	ACCESIBILIDADE PRAIAS	2279909	201200041885	16.200,00	CRUZ ROJA ESPAÑOLA
28/06/12	SISTEMA MONOTORIZACIÓN E XESTIÓN DE INTERVENCIÓNS	2279900	201200041886	21.240,00	FEUGA -Fundación Empresa- Universidad Gallega
28/06/12	OCIO PERSOAS CON DISCAPACIDAD	2279909	201200042496	18.000,00	ABERTAL
17/07/12	FESTA VERAN DO SAD	2260902	201200044313	4.000,00	CLECE, S.A.
14/08/12	PROXECTO SENSIBILIZACIÓN	2279909	201200049511	18.000,00	FUNDACION ENTRECULTURAS FE Y ALEGRIA
14/08/12	ACTIVIDADE FÍSICA MAIORES	2260902	201200049517	10.541,93	PABLO CASAL NUÑEZ
20/08/12	VERAN DE LECER	2279909	201200050195	13.000,00	AGASFRA

23/08/12	SERVIZO MENSAXERÍA	2230000	201200051460	6.000,00	VARIOS
31/08/12	ROUPA DE CAMA E OUTROS PARA USO EN ALBERGUE	2279913	201200051459	5.000,00	VARIOS

Acordo:

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

4(1153).- INADMISIÓN DO RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN CONTRA ADXUDICACIÓN DO PROGRAMA DE INTERVENCIÓN FAMILIAR. EXPTE. 59058/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnica de Admón. Xeral, de data 19.09.2012, conformado pola concelleira delegada de Contratación, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Inadmitir o recurso especial en materia de contratación interposto por D. Juan Carlos Dovigo Prieto, en nome e representación do equipo de traballadores do programa de intervención familiar do Concello de Vigo, na súa calidade de delegado sindical por UGT dos mesmos, mediante escrito con data de entrada no Rexistro xeral deste Concello de 3 de agosto de 2012, por falla de lexitimación activa, segundo o exposto no fundamento xurídico cuarto.

2º.- Notificar a presente resolución a todos os licitadores admitidos no procedemento.

3º.- Levantar a suspensión deste procedemento.

4º.- Contra a resolución deste recurso procederá a interposición de recurso contencioso-administrativo conforme ó disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa (artigo 49 TRLCSP) .

5(1154).- PRORROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA. EXPTE. 11739/332.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe da oficina administrativa de Contratación, de data 29.08.2012, conformado pola concelleira delegada de Contratación, e co conforme do Interventor Xeral, do 6.09.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Autorizar a prórroga do contrato de servizos docentes e complementarios de administración, conserxería e funcionamento da escola municipal de Música (expediente 11739-332) para o período comprendido entre o 1/11/2012 e o 31/10/2013 .

2º.- O importe da prórroga, sen prexuízo das revisións de prezos que procedan, será o seguinte:

- Ano 2012 (1/11/2012 - 31/12/2012): 67.558,50 €, que se imputarán a partida 3210.227.99.02 (Escuela Municipal de Música).
- Ano 2013 (1/1/2013 - 31/10/2013): 337.792,50 €, que se imputarán a partida 3210.227.99.02 (Escuela Municipal de Música)".

6(1155).- APROBACIÓN DA CONCESIÓN DIRECTA DA SUBVENCIÓN A ASOCIACIÓN ORQUESTRA DE VIGO 430 E DO PROXECTO DE CONVENIO CON ESTA ENTIDADE. EXPTE. 13819/331.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe do servizo de Cultura e Bibliotecas, de data 6.09.2012, conformado pola concelleira delegada da área, co informe xurídico do secretario da Admón. Municipal, do 17.09.2012, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización, do 25.09.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 40.000,00 € (corenta mil euros) a ASOCIACIÓN ORQUESTRA VIGO 430, CIF: G27742475, para o financiamento do programa "Programa Sinfónico de Outono 2012", organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á partida 3340.489.00.08 "CONVENIO ORQUESTA 430", que figura no presuposto do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e ASOCIACIÓN ORQUESTRA VIGO 430 que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do programa "Programa Sinfónico de Outono 2012".

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E ASOCIACIÓN ORQUESTRA VIGO 430, RELATIVO Á APORTACIÓN DO CONCELLO PARA A ORGANIZACIÓN DO PROGRAMA "PROGRAMA SINFÓNICO DE OUTONO" 2012

En Vigo, a _____ de _____ de dous mil doce.

REUNIDOS

Dunha parte, D. Isaura Abelairas Rodríguez, na súa calidade de concelleira-delegada da Área de Cultura, Festas e Política do Benestar, en representación do Concello de Vigo, CIF P3605700H, e con enderezo na Praza do Rei s/n, no sucesivo O CONCELLO.

Doutra parte, D. Francisco Javier Escobar Vidal, na súa calidade de Presidente da ASOCIACIÓN ORQUESTRA VIGO 430, CIF: G27742475, e con enderezo na rúa Avda. de Fragoso, 31 - 9º B, 36210 da cidade de Vigo, que no sucesivo se denominará ASOCIACIÓN ORQUESTRA VIGO 430.

MANIFESTAN

Dna. Isaura Abelairas Rodríguez, actúa na súa calidade de concelleira-delegada de acordo cora resolución da Alcaldía de 13 de xuño de 2011 sobre competencias delegadas nos concelleiros de Área e acordo da Xunta de Goberno Local de 17/06/2011; e Dº Francisco Javier Escobar Vidal actúa na súa calidade de Presidente da Asociación, conforme á certificación da secretaria desta

entidade sobre a súa elección na Asamblea Xeral celebrada en Vigo o día 4 de maio de 2012..

Que ASOCIACIÓN ORQUESTRA VIGO 430, CIF: G27742475, é unha entidade inscrita no Rexistro Central de Asociacións de Galicia, e tal e como establecen os seus estatutos ten como fins sociais “a *promoción da música, e especialmente a música orquestral, a formación práctica do oficio orquestral e a realización e divulgación de actividades musicais*”.

Que ASOCIACIÓN ORQUESTRA VIGO 430 promove e organiza o “**Programa Sinfónico de Outono 2012**”, composto por catro concertos de carácter sinfónico, a desenvolver en cinco funcións, durante o último cuatrimestre do presente ano.

Que ASOCIACIÓN ORQUESTRA VIGO 430 reúne a condición de beneficiario da subvención de acordo cos requisitos establecidos no art. 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e declara non estar incurso nas prohibicións ou circunstancias previstas no apartado 2 e 3 do citado artigo. Ae mesmo ten achegado a documentación que acredita que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segunda resulta das declaracións responsables e certificacións positivas que figuran no expediente.

Que a Concellería de Cultura, Festas e Política do Benestar do Concello de Vigo considera de interese social e cultural o “Programa Sinfónico de Outono 2012”, toda vez que este complementa á programación cultural propia do Concello de Vigo e contribúe a dotar a cidade dunha programación sinfónica estable; posibilitando unha maior proxección exterior da cidade e a súa actividade cultural no conxunto do Estado e norte de Portugal.

En función da singularidade do programa, o Concello de Vigo no seu orzamento, na partida 3340.489.00.08 “Convenio Orquestra 430”, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 40.000,00 €, a favor da devandita entidade.

De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente no orzamento da Administración concedente, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da concesión da subvención, que ten como obxecto a organización do “Programa Sinfónico de Outono 2012”.

De conformidade ás precedentes consideracións e ao interese que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade musical, o Concello de Vigo e a dita ASOCIACIÓN ORQUESTRA VIGO 430 conveñen a súa colaboración e a concesión da referida subvención en base as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO.

O presente convenio ten o obxecto de regular as condicións da subvención nominativa outorgada a ASOCIACIÓN ORQUESTRA VIGO 430 pola xunta de Goberno Local do Concello de Vigo con data _____, con destino ao programa “**Programa Sinfónico de Outono 2012**” e que se detalla na documentación aportada pola entidade no presente expediente de aprobación do convenio.

SEGUNDA.- PRESUPOSTO E FINANCIAMENTO.

O presuposto xeral de gastos do programa obxecto do convenio (anexo Iº) e que se achega ao expediente, ascende a un total de 57.200 € (cincoenta e sete mil douscentos euros), financiándose os mesmos mediante a aportación da subvención de 40.000 € do departamento de Cultura do Concello de Vigo (69,93 %), ingresos de 7.200 € por billeiteira (12,59 %) e patrocinios privados 10.000 € (17,48 %).

TERCEIRA.- DATAS E LUGARES.

O "Programa Sinfónico de Outono 2012", terá lugar no Auditorio Martín Codax e nas instalacións do VERBUM, realizándose unha sesión nos días 26 de setembro, 31 de outubro, 28 de novembro e dúas sesións nos días 8 e 9 de decembro de 2012.

Soamente será posible o cambio de lugar ou data de realización do programa, no caso de que algunha causa de forza maior, allea á organización do Programa e debidamente xustificada, impida a súa realización segundo o previsto neste convenio; non entendéndose as seguintes modificacións como razóns achacables ao incumprimento do presente convenio.

CUARTA.- OBRIGAS DE ASOCIACIÓN ORQUESTRA VIGO 430. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA.

1. Cumprir o programa obxecto da subvención de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo todos os gastos e pagamentos relativos á totalidade do programa de actividades, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material gráfico, rotulacións, aluguer de espazos e gastos derivados do seu uso, se fose o caso, etc.).
2. Responsabilizarse da organización integral do programa "Programa Sinfónico de Outono 2012", de difundilo amplamente, dispoñer do espazo, solicitar os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, reservas de vía pública, solicitude de permisos de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
3. Comprometerse á organización de todas as actividades, asumindo todos os gastos derivados desa programación, incluíndo as referencias que se acorden sobre a colaboración da Concellería de Cultura e Festas, derivada da subvención concedida ao ASOCIACIÓN ORQUESTRA VIGO 430.
4. Incorporar os anagramas-logotipos do CONCELLO na forma que se detalla na cláusula sétima e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.
5. Estar en comunicación permanente cos responsables de mantemento da páxina web da Concellería de Cultura e Festas facilitándolle a información necesaria para a difusión do programa "Programa Sinfónico de Outono 2012" a través da páxina Vigocultura.org.
6. ASOCIACIÓN ORQUESTRA VIGO 430 comunicará ao CONCELLO as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (de acordo co art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, co obxecto de determinar a oportunidade da autorización de modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro. A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).
7. A concesión da subvención a ASOCIACIÓN ORQUESTRA VIGO 430 implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

QUINTA.- OBRIGAS DO CONCELLO DE VIGO-CONCELLERÍA DE CULTURA, FESTAS E POLÍTICA DO BENESTAR. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA,

- ▣ Realizar o seguemento do desenvolvemento do programa "Programa Sinfónico de Outono 2012".
- ▣ Xestionar o pagamento do importe da subvención, tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUEMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA.

A unidade xestora da subvención a ASOCIACIÓN ORQUESTRA VIGO 430 é a unidade de

Cultura do Concello de Vigo, á quen informará sobre o desenvolvemento do “Programa Sinfónico de Outono 2012”.

Tamén comunicará á unidade de Cultura os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

A unidade xestora ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA.

ASOCIACIÓN ORQUESTRA VIGO 430 adoptará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello ademais das lendas indicadas pola unidade de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa Concellería de Cultura, Festas e Política de Benestar.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa Concellería da Área a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado ao departamento de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias ASOCIACIÓN ORQUESTRA VIGO 430, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado dispoñerá dos depósitos legais correspondentes.

Asemade, ASOCIACIÓN ORQUESTRA VIGO 430. entregará material de difusión unha vez editado, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación desde o departamento de Cultura.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa Concellería-delegada da Área de Cultura, Festas e Política do Benestar.

ASOCIACIÓN ORQUESTRA VIGO 430 comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que visibilicen a aportación das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

ASOCIACIÓN ORQUESTRA VIGO 430 facilitará ao departamento de Cultura, ca antelación suficiente, toda a información sobre o programa “Programa Sinfónico de Outono 2012” nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, 010, Vigocultura, etc.).

Lingua de difusión e publicacións:

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só

se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa concellería de Cultura para que os elementos sexan subvencionables.

OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN.

O Concello de Vigo xestionará o pagamento a ASOCIACIÓN ORQUESTRA VIGO 430 polo importe da subvención outorgada para a organización e realización do programa “Programa Sinfónico de Outono 2012”, por importe 40.000,00 € á finalización da realización do programación, trala aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes e tras recibir a documentación xustificativa, dos correspondentes informes técnicos e o conforme da concelleira-delegada da Área de Cultura, Festas e Política do Benestar.

Documentación para tramitar o pagamento:

- Solicitud de pagamento da subvención, a través do Rexistro Xeral do Concello de Vigo, en todo caso antes do 11 de decembro de 2012.
- Certificación de atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria-avaliación do programa “Programa Sinfónico de Outono 2012”, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos que deberá incluír como mínimo:
 1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 2. Datos sobre os participantes nas actividades (número e perfil dos asistentes).
 3. Memoria de prensa.
 4. Relación de material gráfico e de difusión con presenza dos logotipos do Concello de Vigo.
 5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica xustificativa, con relación de gastos e ingresos pola totalidade do funcionamento da actividade subvencionada, con indicación de acreedores, conceptos, datas de emisión e importes. Tamén se achegarán as facturas orixinais xustificativas do importe subvencionado, nas que figure ASOCIACIÓN ORQUESTRA VIGO 430. como entidade destinataria.
- Información sobre outros fondos públicos ou privados obtidos por ASOCIACIÓN ORQUESTRA VIGO 430. para financiar a totalidade do programa “Programa Sinfónico de Outono 2012”: importes, procedencias, datas dos ingresos e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas. Asemade, se achegará relación de ingresos obtidos por venda de entradas, merchandising, etc.

As facturas orixinais vinculadas ao proxecto subvencionado, ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporaranse xunto coa relación á que se fai referencia no parágrafo anterior.

As facturas, dirixidas a ASOCIACIÓN ORQUESTRA VIGO 430, deberán recoller o número e data; CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo; non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD 1496/2003, polo que se regula o deber de expedir a entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais. Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, - agás que xustifique que estea

exenta de IVE-. Os xustificantes corresponderán aos gastos vinculados directamente o obxecto específico da subvención e polo importe da mesma.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante impútase total ou parcialmente a subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporárase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

Na conta xustificativa, nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do proceso de xustificación previsto na resolución de concesión da subvención; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

A liquidación dos pagamentos da subvención están condicionados á conformidade da concelleira-delegada da Área de Cultura, Festas e Política do Benestar, despois dos informes técnicos necesarios.

Gastos subvencionables:

Son gastos subvencionables aqueles que directamente e indubidablemente sexan aplicables ao "Programa Sinfónico de Outono 2012" entre eles, de conformidade ao previsto no art. 29.7 da Lei 9/2007 LXS Lei de Subvencións de Galicia os gastos financeiros polo importe de 1.050€; quedando excluídos os gastos xerais de funcionamento da entidade organizadora, os de investimento (obras e elementos inventariables) e os que non se axusten aos criterios lingüísticos sinalados.

A entidade beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de suministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello de Vigo a ASOCIACIÓN ORQUESTRA VIGO 430, é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

ASOCIACIÓN ORQUESTRA VIGO 430 comunicará ao Concello de Vigo, a través do departamento de Cultura, a obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que financien as actividades subvencionadas, no momento en que teña constancia da súa efectividade, así como as datas en que resulten dispoñibles as aportacións económicas; en todo caso, a comunicación producirase con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

O Importe das subvencións ou axudas percibidas por ASOCIACIÓN ORQUESTRA VIGO 430 para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN.

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada polos servizos da Concellería de Cultura. Os técnicos do servizo de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Para estes efectos, no expediente consta un orzamento estimado de ingresos por importe total de 57.200,00 €. No caso de producirse modificacións ao respecto ASOCIACIÓN ORQUESTRA VIGO 430 comunicará ao CONCELLO as modificacións, co obxecto de determinar a oportunidade da autorización de modificación ou non do importe da subvención concedida ou reintegro. A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

DÉCIMA.- INFORMACIÓN.

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Cultura e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO.

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓN E SANCIÓN.

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa aparexación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSONAL.

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orde á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura e Festas do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de cultura do Concello de Vigo.

DÉCIMO CUARTA.- VIXENCIA, PRORROGABILIDADE E MECANISMOS DE DENUNCIA.

O presente convenio terá vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro de 2012, e non será prorrogable.

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar o convenio a través dunha notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

DÉCIMO QUINTA.- RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS.

A Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou

interpretación deste convenio e a concelleira-delegada da Área de Cultura e Festas queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

DÉCIMO SEXTA.- LEXISLACIÓN APLICABLE.

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

En proba de conformidade, asinan por triplicado exemplar do presente convenio na data xa indicada.

7(1156).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA S.A., EN CONCEPTO DE SERVIZOS DE VIXILANCIA, NO PERÍODO DE XULLO-AGOSTO 2012. EXPTE. 89/341.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe do servizo de museos municipais, de data 6.09.2012, conformado polo concelleiro delegado da área e pola concelleira da área de Facenda, e co informe do Interventor Xeral, do 19.09.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Aprobar a indemnización substitutiva polo importe que figura na factura 3608L304014, de 20.791,42 € (vinte mil setecentos noventa e un euros con corenta e dous céntimos), a favor de Securitas Seguridad España S.A., Securitas Sistemas de Seguridad S.A. Unión Temporal de Empresas, Lei 18/1982 de 26 de maio, CIF U-85009405” que deben ser imputados á partida 3330.227.01.01 “Servizos seguridade dependencias” (RC 49551).

2.- Recoñecer a obriga a favor de Securitas Seguridad España S.A., Securitas Sistemas de Seguridad S.A. Unión Temporal de Empresas, Lei 18/1982 de 26 de maio, CIF U-85009405”, por un importe total de 20.791,42 € (vinte mil setecentos noventa e un euros con corenta e dous céntimos) en concepto de servizos de vixilancia, realizados no período xullo-agosto de 2012, incluídos, con cargo á partida 3330.227.01.01 “Servizos seguridade dependencias”.

3º.- Pagar á empresa Securitas Seguridad España S.A., Securitas Sistemas de Seguridad S.A. Unión Temporal de Empresas, Lei 18/1982 de 26 de maio, CIF U-85009405”, a factura 3608L304014, de 20.791,42 € (vinte mil setecentos noventa e un euros con corenta e dous céntimos)

8(1157).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA S.A., EN CONCEPTO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO EN DEPENDENCIAS CULTURAIS, NO PERÍODO DE XULLO-AGOSTO 2012. EXPTE. 90/341.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe do servizo de museos municipais, de data 6.09.2012, conformado polo concelleiro delegado da área e pola concelleira da área de Facenda, e co informe do Interventor Xeral, do 19.09.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Aprobar a indemnización substitutiva polo importe que figura na factura 2608X300230, de 7.878,77 € (sete mil oitocentos setenta e oito euros con setenta e sete céntimos), a favor de Servicios Securitas SA con CIF: A 28986800 que deben ser imputados á partida 3330.227.99.05 “Servizos de atención ao público” (RC 49552).

2.- Recoñecer a obriga a favor de Servicios Securitas SA con CIF: A 28986800, por un importe total de 7.878,77 € (sete mil oitocentos setenta e oito euros con setenta e sete céntimos) en concepto de prestación do servizo de atención ao público en dependencias culturais (Casa das Artes e Casa Galega da Cultura) durante os meses de xullo-agosto de 2012, incluídos, con cargo á partida 3330.227.99.05 “Servizos de atención ao público”.

3º.- Pagar á empresa Servicios Securitas SA con CIF: A 28986800, a factura 2608X300230, 7.878,77 € (sete mil oitocentos setenta e oito euros con setenta e sete céntimos) con cargo á partida 3330.227.99.05 “Servizos de atención ao público”.

9(1158).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA S.A., EN CONCEPTO DE SERVICIOS DE VIXILANCIA NA PINACOTECA MUNICIPAL “FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO”, NO PERÍODO DE XULLO-AGOSTO 2012. EXPTE. 91/341.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe do servizo de museos municipais, de data 6.09.2012, conformado polo concelleiro delegado da área e pola concelleira da área de Facenda, e co informe do Interventor Xeral, do 19.09.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Aprobar a indemnización substitutiva polo importe que figura na factura 3608S300683, de 29.457,14 € (vinte e nove mil catrocentos cincuenta e sete euros con catorce céntimos), a favor de SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA S.A., con CIF A 79252219, que deben ser imputados á aplicación 3330.227.01.01 “Servizos seguridade dependencias” (RC 49551”).

2.- Recoñecer a obriga a favor de SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA S.A., con CIF A 79252219, por un importe total de 29.457,14 € (vinte e nove mil catrocentos cincuenta e sete euros con catorce céntimos) en concepto de prestación dos servizos de vixilancia na Pinacoteca Municipal “Francisco Fernández del Riego” durante os meses de xullo-agosto de 2012, incluídos, con cargo á aplicación 3330.227.01.01 “Servizos seguridade dependencias”

3º.- Pagar á empresa SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA S.A., con CIF A 79252219, a factura 3607S290005, de 29.457,14 € (vinte e nove mil catrocentos cincuenta e sete

euros con catorce céntimos) con cargo á partida aplicación 3330.227.01.01 “Servizos seguridade dependencias”.

10(1159).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA S.A., EN CONCEPTO DE SERVICIOS DE ATENCIÓN AO PÚBLICO NA PINACOTECA MUNICIPAL “FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO”, NO PERÍODO DE XULLO-AGOSTO 2012. EXPTE. 92/341.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe do servizo de museos municipais, de data 6.09.2012, conformado polo concelleiro delegado da área e pola concelleira da área de Facenda, e co informe do Interventor Xeral, do 19.09.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Aprobar a indemnización substitutiva polo importe que figura na factura 2608X300232, de 11.975,91 € (oncemil novecentos setenta e cinco euros, con noventa e un céntimos), a favor de Servicios Securitas SA, con CIF A 28986800, que deben ser imputados á aplicación 3330.227.99.05 “Servizos de atención ao público” (RC 49552).

2.- Recoñecer a obriga a favor de Servicios Securitas SA, con CIF A 28986800, por un importe total de 11.975,91 € (oncemil novecentos setenta e cinco euros, con noventa e un céntimos) en concepto de prestación do servizo de atención ao público na Pinacoteca Municipal “Francisco Fernández del Riego” durante os meses de xullo-agosto de 2012, incluídos, con cargo á aplicación 3330.227.99.05 “Servizos de atención ao público”.

3º.- Pagar á empresa Servicios Securitas SA, con CIF A 28986800, a factura 2608X300232, de 11.975,91 € (oncemil novecentos setenta e cinco euros, con noventa e un céntimos) con cargo á aplicación 3330.227.99.05 “Servizos de atención ao público”.

11(1160).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE SERVICIOS SECURITAS S.A., EN CONCEPTO DE SERVICIOS DE ATENCIÓN AO PÚBLICO DO VERBUM, NO PERÍODO DE XULLO-AGOSTO 2012. EXPTE. 2163/340.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do director administrativo do Museo Verbum, de data 3.09.2012, conformado polo xefe do servizo de museos municipais e pola concelleira delegada da área, e co informe do Interventor Xeral, do 19.09.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Aprobar a indemnización substitutiva polo que figura na factura 2608X300231, que se achega ao expediente, por un importe total de 11.509,15 € a favor de Servicios Securitas SA con CIF: A 28986800 que deben ser imputados ao documento contable RC nº 49552 da Partida 3330.227.99.05 “Servizos de Atención ao público”.

2.- Recoñecer a obriga a favor de Servicios Secúritas SA con CIF: A 28986800, por

un importe total de 11.509,15 €, en concepto de prestación do servizo de atención ao público do Verbum durante o período 01/07/2012-31/08/2012 con cargo ao RC nº 49552 da Partida 3330.227.99.05 “Servicios de Atención ao público”.

3º.- Pagar á empresa Servicios Secúritas SA con CIF: A 28986800, a factura 2608X300231 por un importe total de 11.509,15 €, con cargo ao RC nº 49552 da partida orzamentaria 3330.227.99.05 “Servicios de Atención ao público”.

12(1161).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE SAMYL S.L., EN CONCEPTO DE SERVICIOS DE LIMPEZA DO VERBUM, NO PERÍODO DE XULLO-AGOSTO 2012. EXPTE. 2164/340

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do director administrativo do Museo Verbum, de data 3.09.2012, conformado polo xefe do servizo de museos municipais e pola concelleira delegada da área, e co informe do Interventor Xeral, do 19.09.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Aprobar a indemnización substitutiva polo que figura na factura A/121374 que se achega ao expediente, por un importe total de 6.372 €, a favor da empresa Servicios Auxiliares de Mantenimiento y Limpieza, S.L. (SAMYL, S.L.) con CIF: B 47037577 que deben ser imputados ao documento contable RC nº 49553 da partida orzamentaria 3330.227.00.00 “Limpeza de dependencias”.

2.- Recoñecer a obriga a favor da empresa SAMYL, S.L., CIF: B 47037577, por un importe total de 6.372 €, en concepto de prestación do servizo de limpeza do Verbum durante o período 01/07/2012 ao 31/08/2012, con cargo ao RC nº 49553 da partida 3330.227.00.00 “Limpeza de dependencias”.

3.- Pagar a SAMYL, S.L., CIF: B 47037577, a factura A/121374, por un importe total de 6.372 €, con cargo ao RC nº 49553 da partida 3330.227.00.00 “Limpeza de dependencias”.

13(1162).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS “EL OLIVO” PARA A COORGANIZACIÓN DA FESTA DO MAGOSTO 2012. AUTORIZACIÓN DO GASTO. EXPTE. 4663/335.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da xefa do servizo de Festas, de data 24.08.2012, conformado pola concelleira delegada da área e pola concelleira de Facenda, co informe xurídico do secretario da Admón. Municipal, do 31.08.2012, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización, do 10.09.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Que se aprobe o proxecto de convenio, que se achega no expediente, entre o Concello de Vigo e a Federación de Peñas recreativas “El Olivo” para a

coorganización da “FESTA DO MAGOSTO 2012”.

2º.- Que se autorice un gasto por importe de 7.470,00 euros, en concepto do estipulado no convenio, que se aboará á Federación de Peñas recreativas “El Olivo” (CIF G-36.704.666), con cargo á partida presupostaria 3380.489.0013 (Convenio Federación Peñas - Magosto) do programa presupostario de Festas para o exercicio 2012.

CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DA FESTA DO MAGOSTO 2012.

Na Casa do Concello de Vigo, a

de dous mil doce.

REUNIDOS

Dunha parte, dona Isaura Abelarias Rodríguez, na súa calidade de concelleira-delegada da Área de Cultura e Festas do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 13 de xuño de 2011, sobre delegación de atribucións.

Doutra, don Balbino Moreira Vállez, como presidente da Federación de Peñas recreativas “El Olivo”, CIF nº G-36.704.666 e enderezo social na praza dos Galegos Ilustres de Vigo, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 4663/335.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Que a Federación de Peñas recreativas El Olivo ten por fins, entre outros, o fomento e estimulación da cultura, a organización e desenvolvemento de eventos recreativos e o apoio ás iniciativas desenvolvidas en prol do engrandecemento de Vigo. Deste modo, esta entidade vén organizando nos últimos anos a “Festa do Magosto”, na ribeira do Berbés, con grande éxito organizativo e aceptación entre os cidadáns, estando en condicións de organizar a presente edición.

II.- Que o Concello de Vigo, a través da Concellería de Festas, está interesado en preservar a cultura, o folclore e as tradicións populares galegas, como é o caso da festa do Magosto. De igual maneira, o Concello está interesado en achegarlle á cidadanía unha oferta cultural diversificada e popular que albergue o maior número posíbel de actividades, dirixidas a todos os sectores culturais. Neste sentido, o magosto é un acontecemento festivo arraigado na cidade de Vigo, que se vén celebrando dende fai vinte anos no Casco Vello da Cidade; primeiramente na Praza da Constitución e na actualidade no Praza do Berbés.

III. Que dende o ano 1996 se veñen asinando diversos convenios de colaboración entre ambas as entidades para desenvolver actividades socioculturais, e os resultados acadados teñen sido moi satisfactorios para ambas as partes.

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3380.489.0013, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 7.470,00 (sete mil catrocentos setenta) euros, a favor da Federación de Peñas recreativas El Olivo.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas

nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é a organización da Festa do Magosto 2012 na ribeira do Berbés o 10 de novembro.

VI.- Que a entidade Federación de Peñas recreativas El Olivo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 4663/335.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e cultural que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade **Federación de Peñas recreativas El Olivo**, o Concello de Vigo e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito cultural e a concesión da referida subvención en base aos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A Federación de Peñas recreativas “El Olivo” comprométese a colaborar coa Concellería de Cultura e Festas do Concello de Vigo en canto a organización da Festa do Magosto, que terá lugar na ribeira do Berbés, e concretamente a:

1º.- Cumprir o programa obxecto deste convenio, segundo o programa que consta no expediente e que foi confeccionado pola comisión organizadora. A comisión encargada da planificación, seguimento e execución deste programa estará formada polos seguintes membros:

- Dúas persoas designadas pola Federación de Peñas Recreativas “El Olivo”.

- En representación do Concello de Vigo, con funcións de supervisión, seguimento e control de todo o referente á organización, desenvolvemento e contratacións: un técnico do Servizo de Festas.

2º.- Comezar as actividades do programa á hora anunciada ó público, comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamentos, e realizar, no seu caso, as correccións técnicas que resulten necesarias.

3º.- Asumir todo o concernente á organización da “FESTA DO MAGOSTO”, achegando toda a infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin, así como cumprir o programa presentado.

4º.- Contratar todos os elementos necesarios para o bo desenvolvemento do programa (compra das castañas e viño, etc.).

5º.- Darlle á programación a maior difusión posible, utilizando os mecanismos habituais da Concellería de Festas, e respectando a imaxe corporativa do Concello. Para tal fin editaranse polo menos 500 carteis e pancartas exteriores.

6º.- Asumir a edición, produción e difusión de todo o material gráfico da programación do MAGOSTO para o que deberá contar coa conformidade do persoal técnico da Concellería de Festas.

7º.- Comunicar os posibles cambios no programa que se puidesen producir, antes do seu comezo, para recabar a correspondente conformidade do persoal técnico da Concellería de Festas ás posibles modificacións. Así mesmo, deberán comunicar, á maior brevidade posible, calquera incidencia acontecida durante o desenvolvemento do programa (necesariamente deberase remitir informe escrito do feito acontecido por parte dos responsables da comisión).

8º.- Asumir todos os seguros relativos ás actividades que se inclúen no programa e que procedan segundo a lexislación vixente: responsabilidade civil, accidentes, etc, para dar resposta ás posibles incidencias que se produzan durante o seu desenvolvemento e que serán total responsabilidade da entidade asinante. A entidade presentará copia destes seguros antes da sinatura do presente convenio.

9º.- Cumprir os horarios máximos de finalización de actividades e espectáculos establecidos pola normativa da Xunta. Así mesmo, deberán cumprir co estipulado na Lei de Ruídos de Galicia, así como nas ordenanzas municipais e outra lexislación ó respecto.

10º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades incluídas no programa.

11º.- Xestionar e aboar a cantidade que corresponda polos dereitos de autor que se xeren pola programación que figura nesta expediente.

12º.- Asumir todos os gastos que se poidan derivar da execución do convenio.

13º.- Durante o desenvolvemento das actividades incluídas no programa, o responsable da comisión organizadora estará en permanente contacto con todo o persoal despregado, así como cos membros de Policía Local, Protección Civil e servizos de primeiros auxilios presentes. Así mesmo, deberá estar en permanente contacto co persoal técnico da Concellería de Festas.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente á Federación de Peñas recreativas El Olivo, unha subvención por importe de 7.470,00 (sete mil catrocentos setenta) euros co obxecto de coadxuvar ó financiamento da organización da Festa do Magosto.

O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- O pagamento da cantidade recollida no pacto segundo deste convenio realizarase efectuarase por transferencia bancaria conta corrente número 2080.5020.01.3040023621, da entidade bancaria NOVAGALICIABANCO, da que é titular a entidade beneficiaria, tras a xustificación das axudas.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria poderá subcontratar con terceiros ata un 100 % do importe da actividade subvencionada.

Non poderán ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei de Galicia 9/2007.

Sétimo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo da Concellería de Cultura e Festas e da imaxe corporativa do evento en todos os soportes publicitarios que edite.

Oitavo.- Segundo o artigo 15.2.a da Lei de Galicia 9/2007, non será necesaria a publicación da presente subvención.

Noveno.- A beneficiaria, unha vez rematada a actividade e antes do peche do exercicio económico, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar:

a) **Memoria de actuación** xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación dos actos celebrados, datos de participación, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) **Memoria económica** xustificativa do custo final das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.

- Relación clasificada dos gastos totais da actividade, con identificación do acredor, número de factura, CIF/NIF, concepto facturado e importe.

- Facturas e demais documentos orixinais de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, polo importe subvencionado. Os ditos documentos, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE; estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención. Se a beneficiaria solicitase a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

- Relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.

Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser

debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei de Galicia 9/2007.

Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no exercicio económico do convenio.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministracións ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a súa axeitada xustificación serán comprobados polos servizos da Concellería de Festas. O persoal técnico do Servizo de Festas emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Festas e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Vigo. En toda a información figurarán os logotipos da Concellería de Cultura e Festas e da entidade beneficiaria, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa da Concellería de Festas do Concello de Vigo e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

Décimo sexto.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presenten as entidades asinantes e á presenza do persoal técnico da Concellaría de Festas nos actos programados.

Décimo sétimo.- O presente convenio terá vixencia anual a contar dende a data da súa sinatura.

Décimo oitavo.- A concelleira de Festas queda facultada para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.

Décimo noveno.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Vixésimo.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do

procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Festas.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Festas do Concello de Vigo.

Vixésimo primeiro.- A actividade obxecto deste convenio está destinada ó público en xeral, e o acceso á mesma será público e gratuíto; o número de asistentes limitarase á capacidade do lugar onde se celebre. De todos os xeitos, as actividades, servizos ou produtos ofertados alí poderán traer consigo unha achega económica por parte dos usuarios (billetes, entradas, etc.).

Por este motivo, a entidade beneficiaria propondrá ó Concello os prezos para cada unha das actividades, servizos ou produtos, para obter a conformidade da concellería de Festas. A entidade deberá expor durante a celebración da actividade, nun lugar perfectamente visíbel, o listado de prezos de venda ó público.

A tal fin, establecerase un sistema de control de ingresos procedentes do goce ou uso das distintas actividades, que poderán ser billetes ou xustificantes de ingresos, nos que deberán figurar os conceptos e importes, e que estarán numerados correlativamente. A entidade propondralle ó Concello os modelos de billetes ou xustificantes, e tamén o seu número, para obter a correspondente conformidade.

Vixésimo segundo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, no lugar e data antes indicados.

14(1163).- APROBACIÓN DA CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN DIRECTA A FAVOR DA ENTIDADE FEDERACIÓN GALEGA DE TRIATLÓN E PENTATLÓN MODERNO E APROBACIÓN DO PAGO. EXPTE. 11337/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do director deportivo do IMD, de data 21.06.2012, conformado polo concelleiro delegado da área e pola concelleira delegada de Facenda, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización, do 20.09.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO: A aprobación da presente resolución de concesión de subvención directa por un importe de 40.000,00 €. a favor da entidade Federación Galega de Triatlón e Pentatlón moderno, co CIF: V36703932 con enderezo social na rúa Castelao, 21, Ent. 2, en Lugo. c/c 0081.5223.16.0001338040 con cargo á partida 3410.489.00.15 do vixente orzamento e

dacordo cos condicionantes establecidos na propia resolución:

a) O obxecto da presente proposta de resolución é coadxuvar á financiación dos gastos vinculados á organización do Campionato de España de Triatlón celebrado na cidade de Vigo no mes de setembro de 2011, e no que competiron os e as mellores Triatletas nacionais.

b) A lexislación aplicable, para esta resolución de subvención, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2012.

c) Esta subvención ten un claro carácter de interese público social, e ademais a subvención que se regula a través desta resolución non obedece ós principios de publicidade e concorrencia dado que se pode conceder directamente ao figurar nominalmente, no orzamento aprobado para o exercicio 2012, nas partidas indicadas, consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

d) Esta subvención é compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financiaran a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

e) Que a entidade FGT non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 11337-333.

Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro.

f) Son gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada.

g) En canto a subcontratación das actividades subvencionadas, o presente convenio autoriza as mesmas conforme ao establecido no artigo 27 da LSG.

h) A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención foi comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes adxunta no expediente o informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poideran resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

i) A tramitación do pago do importe da subvención adxudicada a través desta resolución se realizará mediante transferencia bancaria á conta da FGT tras a aprobación pola Xunta de Goberno Local desta resolución.

j) A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

k) As causas de reintegro da subvención serán as que se determinan no artigo 33 da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

l) Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

m) A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes.

SEGUNDA: Aprobación do pago da subvención directa por un importe de 40.000,00 €. a favor da Federación Galega de Triatlón e Pentatlón Moderno, co CIF: V36703932, con enderezo social na rúa Castelao, 21, Ent. 2, en Lugo. c/c 0081.5223.16.0001338040 con cargo á partida 3410.489.00.15 do vixente orzamento, de acordo cos condicionantes establecidos na propia resolución e tendo en conta a conta xustificativa anexa ó expediente remitida pola entidade beneficiaria.

15(1164).- AUTORIZAR AO CLUB CICLISTA VIGUÉS A ORGANIZAR OS VINDEIROS DÍAS 29 E 30 DE SETEMBRO O XXXIX GRAN PREMIO CICLISTA DA

CIDADE DE VIGO. EXPTE. 11272/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do director deportivo do IMD, de data 21.06.2012, conformado polo concelleiro delegado da área, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Autorizar ao **Club Ciclista Vigués** a organizar os vindeiros días 29 e 30 de setembro, o ,”**XXXIX GRAN PREMIO CICLISTA CIDADE DE VIGO**” que consta das seguintes fases:

- Sábado 29 de setembro: proba de fondo, circuío Av. García Barbón, dende Alfonso XIII á rotonda rúa Rosalía Castro, a partir das 17 horas.
- Domingo 30 de setembro: Cronoescalada individual e escalada en grupo, a partir das 10.30 horas.
 - Cronoescalada individual: Porta do Sol, Príncipe, López de Neira, Progreso, Paseo de Granada, Marqués de Alcedo, Paseo dos Cedros, Alvarez Blázquez, Manuel Olivie, Rosalía de Castro.
 - Escalada: Cruce Camelias/Venezuela, Marqués de Alcedo, Manuel Olivie + 10 voltas (Paseo dos Cedros/Paseo Cronista Álvarez Blázquez), Manuel Olivie, Rosalía de Castro.”

16(1165).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A MANCOMUNIDADE DE MONTES DE VIGO. AUTORIZACIÓN DO GASTO. EXPTE. 8974/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe de Desenvolvemento Local e Emprego, de data 6.09.2012, conformado polo concelleiro delegado da área, co informe do Secretario Xeral do Pleno, do 21.08.2012, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización, do 18.09.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar o proxecto de convenio de colaboración que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a Mancomunidade de Montes de Vigo, con CIF: V36840726.

Autorizar o gasto de 175.000,00 €, como contrapartida do estipulado no presente convenio, con cargo á partida 2410. 4890010 “Convenios Plan de Emprego Municipal”, do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2012.

Facultar ao Concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá D. Santos Héctor Rodríguez Díaz para asinar o citado convenio.

Na Casa do Concello de Vigo, a ____ de ____ de duos mil doce

REUNIDOS

Dunha parte, Don Santos Hector Rodríguez Díaz, na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto de delegacións da Alcaldía de Alcaldía de 13 de xuño de 2011 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 17/06/2012.

Doutra, don Uxio González Pérez, como Presidente da Mancomunidade de Montes de Vigo, CIF nº V36840726 e enderezo social en Eira Vella, 4 de Saians, Representación que acredita con certificados do secretario da entidade, que lle faculta para o outorgamento deste convenio, asegurando o comparecente que tales facultades non lle foron revocadas nin limitadas.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

EXPOÑEN

A mellora do benestar dos cidadáns de Vigo é a tarefa fundamental do Concello de Vigo. A súa situación en relación co emprego é un elemento fundamental do seu benestar, e por medio de proxectos integrados nos Plan de Emprego intervén para acadar unha sociedade mais inclusiva, mais xusta e equilibrada.

A estratexia polo emprego que supón este plan non é un elemento illado, senón toma en consideración un conxunto de accións de colaboración con entramado laboral, veciñal e social nos que o desenvolvemento de convenios de colaboración configúrase como a súa máxima concreción.

O Concello de Vigo ten dentro das súas propostas para estes anos de crise, acadar mediante a contratación directa ou indirecta o maior número de postos de traballo reducindo a porcentaxe de parados na nosa cidade, unha das formas para acadar este obxectivo entre outras é a colaboración coas comunidades de montes e especialmente coa entidade que agrupa a maioría das que se topan presentes no termo municipal de Vigo, tal e como é o caso.

A colaboración coa Mancomunidade de Montes de Vigo, dentro do marco do Plan Municipal de Emprego, permitirá dunha banda mellorar a calidade de vida dos vigueses e viguesas e dos seus visitantes, mediante a mellora do entorno dos montes comunais, das concas dos ríos que se atopan neles, reducindo o perigo de incendios forestais mediante a eliminación da biomasa e da substitución das especies invasoras por especies autóctonas, así como a mellora na accesibilidade, sinalización e mantemento das rutas de senderismo existentes, dos seus accesos, etc.

O cumprimento dos obxectivos de mellora dos montes comunais, realizarase mediante a contratación de persoal especializado nas áreas agroforestais e de recuperación do mantemento do patrimonio histórico, que desenvolverá as accións necesarias e recibirá unha formación teórico-práctica, o que permitirá mellorar as súas posibilidades de emprego.

MANIFESTAN

I.- - Que a Mancomunidade de Montes de Vigo, conforme o establecido nos seus estatutos asume, entre outros, os seguintes fins e actividades:

- A defensa do monte veciñal en comunidade xermánica como realidade singular de Galicia, en tódolos aspectos, e especialmente no xurídico-legal, económico, social e medio-ambiental.
- A esixencia a tódolos organismos públicos e privados, e especialmente á Administración galega, do cumprimento da lexislación vixente sobre o monte veciñal.
- A toma de decisións en común ante os problemas, de calquera índole, que afectan á propiedade veciñal. Tamén o posicionamento común das comunidades de montes de Galicia ante as iniciativas lexislativas, políticas, sociais ou económicas que afecten no futuro á titularidade, usufructo ou explotación dos recursos do monte veciñal.
- Servir de voceiro das comunidades ante organismos públicos e privados sobre tódolos aspectos que incidan na situación da propiedade veciñal, na política forestal e na lexislación colateral.
- A loita pola devolución dos montes veciñais en man común ós seus lexítimos donos.
- A defensa da vocación histórica do monte veciñal.
- O fomento dun sentimento de apoio e solidariedade entre as comunidades de montes.
- Promover a creación de mancomunidades de montes veciñais en man común de base

territorial inferior.

- Promover o recoñecemento da parroquia como entidade xurídico-administrativa no marco xeral do ordenamento do territorio galego.

II.- Que o Concello de Vigo recoñécelle á Mancomunidade de Montes de Vigo, a contribuír na defensa e promoción dos intereses económicos e sociais que lles son propios, como síntoma da boa saúde dun estado social e democrático de dereito no que a participación da cidadanía e a defensa do medio natural é fundamental.

Dentro das políticas activas de emprego en todas as súas vertentes, o Concello de Vigo asume a tarefa de colaborar coas comunidades e mancomunidades de montes veciñais máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter informativo, formativo e experiencial que permitan lograr que os traballadores e traballadoras e as comunidades de montes sexan actores clave na mellora do medio ambiente e na sostenibilidade do desenvolvemento dos montes veciñais de Vigo, e crear medios cara a sensibilización medioambiental da cidadanía e moi especialmente dos nenos e nenas en idade escolar, e ao mesmo tempo, se implanten políticas de aforro e eficiencia enerxética para reducir custos e superar o contexto económico actual cunha posición vantaxosa fronte á competencia, as cales redundan no beneficio da cidade en xeral e das persoas desempregadas en particular.

III.- Que na devandida actividade a subvencionar e na subvención mesma concurren singulares circunstancias de interese público, social, económico e humanitario; tendo en conta a situación socio-laboral actual na cidade de Vigo:

Paro rexistrado por sexo e grupos de idade:

VIGO	Ambos sexos			Homes			Mulleres		
	Total	Menores 25 anos	25 e máis anos	Total	Menores 25 anos	25 e máis anos	Total	Menores 25 anos	25 e máis anos
2012/Abril	33894	2292	31602	15616	1244	14372	18278	1048	17230

Paro rexistrado por sexo e sector de actividade:

VIGO 2012/Abril	Paro total	Agricultura/Pesca	Industria	Construción	Servizos	Sen emprego anterior
Ambos sexos	33894	444	5587	3366	21002	3495
Homes	15616	319	3343	2944	7782	1228
Mulleres	18278	125	2244	422	13220	2267

Paro rexistrado por sexo e grupos quinquenais de idade:

Estas circunstancias así como o profundo coñecemento da situación dos montes comunais de Vigo e das persoas desempregados e desempregadas nas súas áreas de actuacións (agroforestal) pola Mancomunidade de Montes de Vigo, impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente, os intervintes conclúen o presente concenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto **é a mellora dos montes comunais de Vigo, facilitarlles aos colectivos con maiores dificultades de inserción laboral unha formación teórica relacionada co medio natural e forestal, e a adquisición de experiencias laborais nese ámbito.**

V.- Que a Mancomunidade de Montes de Vigo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese público, social, económico e humanitario que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Mancomunidade de Montes de Vigo, o Concello de Vigo e a dita mancomunidade convenén a súa colaboración no ámbito de Vigo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A Mancomunidade de Montes de Vigo comprométese a colaborar coa Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo en canto á mellora dos montes comunais de Vigo, facilitarlles aos colectivos con maiores dificultades de inserción laboral unha formación teórica relacionada co medio natural e forestal, e a adquisición de experiencias laborais nese ámbito e, concretamente, a:

- Asumir a programación, organización e xestión das seguintes actividades:
 - Mellora da silvicultura forestal que fomente unha maior retención de CO₂.
 - Mantemento e mellora do entorno das concas dos ríos e do embalse,
 - Redución do risco de incendio mediante a eliminación de biomasa.
 - Substitución de especies invasoras por especies autóctonas.
 - Mantemento do entorno das rutas de sendeirismo que percorren polos montes de Vigo.
 - Mellora do entorno dos accesos ao monte.
 - Comunicar ao Concello de Vigo-Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, o lugar, datas e horas de inicio das accións a desenvolver. Así mesmo, obrígase a comunicar calquera incidencia que imposibilite ou aprace a actividade requirida, que de ser o caso, comunicarse cunha antelación mínima de 5 días naturais á data da súa realización.
 - No emprazamento das accións constar en lugar visible cartel informativo en modelo normalizado que será subministrado polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
 - Calquera edición, roupa de traballo e/ou material gráfico relacionado coas accións deste convenio se realizarán no idioma galego. En todos os casos deberá aparecer o logotipo oficial do Concello de Vigo-Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado- como patrocinador das accións, sendo esta cuestión extensible ás carpetas, distintivos e outros elementos que realicen.
 - Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
 - Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
 - Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
 - En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.
2. Respetar a estrutura organizativa da Mancomunidade de Montes de Vigo.
3. Conceder directamente á Mancomunidade de Montes de Vigo unha subvención total por

importe de **175.000,00 €** con cargo á partida 2410 4890010 “Convenios Plan de Emprego Municipal” co obxecto de coadxuvar ao financiamento dos gastos de contratación de persoal, xestión e organización das actividades previstas.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, neste suposto optase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria ao ter en conta, tanto o carácter social da actividade subvencionada, coma a traxectoria en anteriores colaboracións coa entidades sindicais.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sétimo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada. A dita difusión cumprirá os seguintes requisitos:

8. A información especialmente carteis e programas editados, estará integramente na lingua galega.
9. En toda información gráfica editada figurarán os logotipos e anagramas oficiais do Concello de Vigo, ademais das lendas que se acorden. Se no financiamento das actividades interveñen outras entidades distintas das asinantes do Convenio, a prelación en orde de tamaño será proporcional a cadansúa achega económica.
10. A entidade beneficiaria someterá a conformidade do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo as probas dos recursos publicitarios que se vaian empregar. O material gráfico editado disporá do correspondente depósito legal. De todo o material editado, entregaranse 2 exemplares no servizo de Desenvolvemento Local e Emprego da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.

Oitavo.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de subvencións de Galicia.

Noveno.- Comisión de seguimento

Para o bo fin dos obxectivos sinalados no presente convenio constituirase unha Comisión de seguimento integrada por:

- O concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, que ostentará a Presidencia que poderá delegar a súa representación noutro/a concelleiro/a ou xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
- Tres vocais:
 - Un/unha técnico/a adscrito ao servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
 - Dous a membros da Xunta directiva da entidade Mancomunidade de Montes de Vigo.

Actuará como Secretario/a da Comisión un/unha funcionario/a ou laboral do Concello de Vigo, con voz pero sen dereito a voto.

A Comisión quedará constituída trala súa primeira reunión, estas realizaranse de forma ordinaria todos os trimestres na data en que se indique na sesión constitutiva, en todo caso para a súa válida constitución será necesaria a presenza da maioría absoluta dos seus membros que incluíra a do Presidente e Secretario.

O Presidente decidirá co seu voto os empates que se produzan respecto dos acordos que nas funcións que son propias da Comisión se adopten.

Son funcións propias da Comisión, as seguintes:

- Supervisar o cumprimento do proxecto de accións e actividades que figuran na Memoria e o presuposto executado.
- Establecer unha orde de prioridades respecto das actividades a realizar.
- Realizar as selección de persoal a contratar e propor as contratacións de persoal a realizar.
- Supervisar o cumprimento do normativa legal vixente en relación coas contratacións realizadas.

Noveno.- A beneficiaria, no prazo de tres (3) meses a contar desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non/Será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

As Retribucións de persoal xustificaranse mediante:

- Copia autenticada do contrato.
- Copia autenticada do TC1 e TC2 correspondente aos meses imputados.
- Copia autenticada das nóminas correspondente aos meses imputados.
- Copia autenticada do impreso de liquidación nominal do IRPF.
- Copia do documento autenticado (transferencia bancaria ou cheque nominativo), que xustifique o pagamento das nóminas do persoal.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre o **1 de outubro de 2012 e o 31 de marzo de 2013**.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado. O xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución sinifiativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreezación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo sexto.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa

achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo.

Décimo sétimo.- A colaboración do Concello de Vigo concrétese na concesión dunha subvención formalizada mediante o presente convenio coa Mancomunidade de Montes de Vigo, colaboración que non derivará en ningún tipo de relación laboral co Concello de Vigo dos traballadores/as directa ou indirectamente beneficiarios/as da subvención concedida a Mancomunidades de Montes de Vigo.

Décimo oitavo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, _____ de 2012.

17(1166).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A UNIVERSIDADE DE VIGO. AUTORIZACIÓN DO GASTO. EXPTE. 8976/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe de Desenvolvemento Local e Emprego, de data 26.07.2012, conformado polo concelleiro delegado da área, co informe do Secretario Xeral do Pleno, do 21.08.2012, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización, do 19.09.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar o proxecto de convenio de colaboración que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a Univeridade de Vigo, con CIF: Q8650002-B.

Autorizar o gasto de 400.000,00 €, como contrapartida do estipulado no presente convenio, con cargo á partida 2410. 4890010 "Convenios Plan de Emprego Municipal", do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2012.

Facultar ao Concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá D. Santos Héctor Rodríguez Díaz para asinar o citado convenio.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A UNIVERSIDADE DE

S. Ord. 1.10.2012

VIGO DENTRO DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO 2012

Na Casa do Concello de Vigo, a ____ de ____ de duos mil doce

REUNIDOS

Dunha parte, Don Santos Hector Rodríguez Díaz co DNI 36008431-E, na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto de delegacións da Alcaldía de Vigo de 13 de xuño de 2011 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 17 de xuño de 2011, con enderezo na Praza do Rei núm. 1, 36202 de Vigo, e CIF P3605700-H.

Doutra parte, D. Salustiano Mato de la Iglesia co DNI 33252602-F en calidade de reitor magnífico da universidade de Vigo elixido por sufraxio universal libre e secreto da comunidade universitaria o día 9 de marzo de 2010 e nomeado según Decreto 90/2010 de 10 de xuño de 2010, publicado no DOG nº 114, do 17 de xuño de 2010, con domicilio social en Campus Universitario s/nº 36210 VIGO e CIF Q 8650002-B.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

EXPOÑEN

Que a mellora do benestar dos cidadáns de Vigo é a tarefa fundamental do Concello de Vigo. A súa situación en relación co emprego é un elemento fundamental do seu benestar, e por medio de proxectos integrados nos Plan de Emprego intervén para acadar unha sociedade mais inclusiva, mais xusta e equilibrada.

A estratexia polo emprego que supón este plan non é un elemento illado, senón toma en consideración un conxunto de accións de colaboración co entramado laboral, educativo, veciñal e social nos que o desenvolvemento de convenios de colaboración configúrase como a súa máxima concreción.

O Concello de Vigo ten dentro das súas propostas para estes anos de crise, acadar mediante a contratación directa ou indirecta o maior número de postos de traballo reducindo a porcentaxe de parados na nosa cidade, unha das formas para acadar este obxectivo entre outras é a colaboración coa Universidade de Vigo.

A colaboración coa Universidade de Vigo, dentro do marco do Plan Municipal de Emprego, permitirá que por medio da instrumentación de contratos laborais en prácticas se dinamice a inserción no mercado laboral dos egresados da Universidade de Vigo concedendo a oportunidade ós recen titulados/as de acadar o seu primeiro emprego, consolidando deste xeito na innovación como autoemprego ou o emprendemento, ó mellorar, mediante os proxectos de transferencia, o coñecemento do tecido productivo local, así como as competencias requiridas no seo das empresas do eido local.

MANIFESTAN

I.- - Que a Universidade de Vigo, conforme o súa proposta presentada no rexistro xeral do Concello de Vio o pasado día 24 de xullo de 2012 co nº de documento 120088182, entre outros, os seguintes obxectivos:

Tendo previsto este convenio de colaboración os seguintes obxectivos:

4. Fomentar a empregabilidade dos/as titulados/as universitarios/as que desexen desenvolver o seu primeiro emprego no eido da investigación e desenvolvemento.
5. Facilitar a adquisición de experiencia laboral dos/as recen titulados/as mediante a súa incorporación a laboratorios de investigación e a empresas, no marco de proxectos de transferencia de coñecemento.

6. Proporcionarlles ás/ós profesionais seleccionados formación en competencias transversais aliñadas coas necesidades do mercado laboral no ámbito da I+D.
7. Reforzar o sistema de investigación e transferencia de coñecemento ás empresas na Universidade de Vigo mediante a incorporación de titulados ós proxectos en curso.

II.- Que o Concello de Vigo recoñécelle á Universidade de Vigo, a condición de participante a contribuír na defensa e promoción dos intereses económicos e sociais que lles son propios, como síntoma da boa saúde dun estado social e democrático de dereito no que a empregabilidade dos recen titulados/as universitarios/as contribuiría favorablemente no eido laboral da cidade.

Dentro das políticas activas de emprego en todas as súas vertentes, o Concello de Vigo asume a tarefa de colaborar con todos os entes, organismos, administracións, axentes sociais, etc mais significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de laboral-formativo e experiencial que permitan lograr que os/as traballadores/as sexan actores clave na mellora da situación de crise actual fomentando a contratación dos colectivos máis desfavorecidos entre os que se atopa a mocidade menor de 30 anos, redundando no beneficio da cidade en xeral e das persoas desempregadas en particular.

III.- Que na devandida actividade a subvencionar e na subvención mesma concurren singulares circunstancias de interese público, social, económico e humanitario; tendo en conta a situación socio-laboral actual na cidade de Vigo:

Paro rexistrado por sexo e grupos de idade:

VIGO	Ambos sexos			Homes			Mulleres		
	Total	Menores 25 anos	25 e máis anos	Total	Menores 25 anos	25 e máis anos	Total	Menores 25 anos	25 e máis anos
2012/Abril	33894	2292	31602	15616	1244	14372	18278	1048	17230

Paro rexistrado por sexo e sector de actividade:

VIGO 2012/Abril	Paro total	Agricultura/Pesca	Industria	Construción	Servizos	Sen emprego anterior
Ambos sexos	33894	444	5587	3366	21002	3495
Homes	15616	319	3343	2944	7782	1228
Mulleres	18278	125	2244	422	13220	2267

Paro rexistrado por sexo e grupos quinquenais de idade:

Estas circunstancias así como o profundo coñecemento que ten a Universidade de Vigo da situación do alumnado que ven de rematar a súa formación académica e que se atopa nunha situación de busca activa de emprego, engrosando a listaxe de persoas desempregadas no concello de Vigo, impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente, os intervinetes conclúen o presente concenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto **é a dinamización de contratos laborais en prácticas como trampolín para acadar o primeiro emprego podendo consolidar deste xeito en novas actividades innovadoras como o autoemprego ou o emprendemento, ó mellorar, mediante os proxectos de transferencia o coñecemento do**

tecido productivo local, así como a adquisición de experiencias laborais nese ámbito.

V.- Que a Universidade de Vigo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese público, social, económico e humanitario que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Universidade de Vigo, o Concello de Vigo e a dita Universidade conveñén a súa colaboración no ámbito de Vigo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A Universidade de Vigo comprométese a colaborar coa Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo en canto á acadar unha empregabilidade maior no alumnado recen licenciado ou diplomado mediante formalización de contratos laborais en prácticas e así contribuír a limitación que ten o colectivo de xoves menores de 30 anos na inserción laboral, nese ámbito e, concretamente, a:

Asumir a programación, organización e xestión das seguintes actividades:

- Fomentar a empregabilidade dos/as titulados/as universitarios/as que desexen desenvolver o seu primeiro emprego no eido da investigación e desenvolvemento.
- Facilitar a adquisición de experiencia laboral dos/as recen titulados/as mediante a súa incorporación a laboratorios de investigación e a empresas, no marco de proxectos de transferencia de coñecemento.
- Proporcionarlles ás/ós profesionais seleccionados formación en competencias transversais aliñadas coas necesidades do mercado laboral no ámbito da I+D.
- Reforzar o sistema de investigación e transferencia de coñecemento ás empresas na Universidade de Vigo mediante a incorporación de titulados ós proxectos en curso.
- Comunicar ao Concello de Vigo-Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, o lugar, datas e horas de inicio das accións a desenvolver. Así mesmo, obrígase a comunicar calquera incidencia que imposibilite ou aprace a actividade requirida, que de ser o caso, comunicarase cunha antelación mínima de 5 días naturais á data da súa realización.
- No emprazamento das accións constará en lugar visible un cartel informativo en modelo normalizado. Modelo que será subministrado polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
- Calquera edición, roupa de traballo e/ou material gráfico relacionado coas accións deste convenio se realizarán no idioma galego. En todos os casos deberá aparecer o logotipo oficial do Concello de Vigo-Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado- como patrocinador das accións, sendo esta cuestión extensible ás carpetas, distintivos e outros elementos que realicen.
- Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
- Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
- Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

- Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.
- Respetar a estrutura organizativa da Universidade de Vigo.
- Conceder directamente á Universidade de Vigo unha subvención total por importe de 400.000,00 € con cargo á partida 2410 4890010 "Convenios Plan de Emprego Municipal" co obxecto de coadxuvar ao financiamento dos gastos de contratación de persoal, xestión e organización das actividades previstas.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, neste suposto optase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria ao ter en conta, tanto o carácter social da actividade subvencionada, coma a traxectoria en anteriores colaboracións coa entidades sindicais.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a cesión da subvención ou se reducirán na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sétimo.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de subvencións de Galicia.

Así mesmo, a beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada. A dita difusión cumprirá os seguintes requisitos:

11. A información especialmente carteis e programas editados, estará integramente na lingua galega.
12. En toda información gráfica editada figurarán os logotipos e anagramas oficiais do Concello de Vigo, ademais das lendas que se acorden. Se no financiamento das actividades interveñen outras entidades distintas das asinantes do Convenio, a prelación en orde de tamaño será proporcional a cadansúa achega económica.
13. A entidade beneficiaria someterá a conformidade do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo as probas dos recursos publicitarios que se vaian empregar. O material gráfico editado disporá do correspondente depósito legal. De todo o

material editado, entregaranse 2 exemplares no servizo de Desenvolvemento Local e Emprego da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.

Oitavo.- Comisión de seguimento

Para o bo fin dos obxectivos sinalados no presente convenio constituirase unha Comisión de seguimento integrada por:

- O concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, que ostentará a Presidencia que poderá delegar a súa representación noutro/a concelleiro/a ou xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
- Tres vocais:
 - Un/unha técnico/a adscrito ao servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
 - Dous a membros da Universidade de Vigo.

Actuará como Secretario/a da Comisión un/unha funcionario/a ou laboral do Concello de Vigo, con voz pero sen dereito a voto.

A Comisión quedará constituída trala súa primeira reunión, estas realizaranse de forma ordinaria todos os trimestres na data en que se indique na sesión constitutiva, en todo caso para a súa válida constitución será necesaria a presenza da maioría absoluta dos seus membros que incluírá a do Presidente e Secretario.

O Presidente decidirá co seu voto os empates que se produzan respecto dos acordos que nas funcións que son propias da Comisión se adopten.

Son funcións propias da Comisión, as seguintes:

- Supervisar o cumprimento do proxecto de accións e actividades que figuran na Memoria e o presuposto executado.
- Establecer unha orde de prioridades respecto das actividades a realizar.
- Realizar a selección de persoal a contratar e propor as contratacións de persoal a realizar.
- Supervisar o cumprimento da normativa legal vixente en relación coas contratacións realizadas.

Noveno.- A beneficiaria, no prazo de tres (3) meses a contar desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non/Será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

As retribucións de persoal xustificaranse mediante:

- Copia autenticada do contrato.
- Copia autenticada do TC1 e TC2 correspondente aos meses imputados.
- Copia autenticada das nóminas correspondente aos meses imputados.
- Copia autenticada do impreso de liquidación nominal do IRPF.

- Copia do documento autenticado (transferencia bancaria ou cheque nominativo), que xustifique o pagamento das nóminas do persoal.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de outubro de 2012 e o 31 de marzo de 2013.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado. O xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreziación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo sexto.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a

práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo.

Décimo sétimo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, _____ de 2012.

18(1167).- CESIÓN TEMPORAL DA VIVENDA MUNICIPAL IDENTIFICADA NO REXISTRO DE ENTIDADES PRESTADORAS DE SERVIZOS SOCIAIS CO Nº F-00473-C-008, POR UN PERÍODO DE 6 MESES. EXPTE. 5605/224.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da xefa do servizo de Igualdade, de data 25.09.2012, conformado pola concelleira delegada da área, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Autorizar a cesión temporal da vivenda municipal identificada no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais co número F-00473-C-008 atendendo ás circunstancias que obran no expediente 5605/224, por un período de 6 meses, transcurridos os cales a unidade familiar deberá abandonar a vivenda, agás se xustifique a necesidade de prórroga polos servizos municipais de atención á muller”

19(1168).- ABOAR EN CONCEPTO DE CUOTAS DE COMUNIDADE, Á COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DO INMOBLE SITO NA RÚA REPÚBLICA ARGENTINA Nº 12-14, MES DE AGOSTO 2012. EXPTE. 5/242.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnico de Admón. Xeral, de data 9.08.2012, conformado pola concelleira delegada da área, e co fiscalizado de conformidade da xefa do servizo de Fiscalización conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aboar, en concepto de cuotas de comunidade , a Comunidade de Propietarios do inmovible sito na rúa República Argentina nº 12- 14, a cantidade de 2.216,98 euros, polo importe correspondente o mes de agosto de 2012, efectuando dito ingreso na conta de Caixa Madrid, que mantén aberta a comunidade, nº 20384016956000108813.

O gasto deberá imputarse a partida 92202120005 do vixente presuposto.

20(1169).- ABOAR EN CONCEPTO DE CUOTAS DE COMUNIDADE, Á COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DO INMOBLE SITO NA RÚA REPÚBLICA ARGENTINA Nº 12-14, MES DE XULLO 2012. EXPTE. 4/242.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnico de Admón. Xeral, de data 9.07.2012, conformado pola concelleira delegada da área, e co fiscalizado de conformidade da xefa do servizo de Fiscalización, do 13.09.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aboar, en concepto de cuotas de comunidade , a Comunidade de Propietarios do inmovible sito na rúa República argentina nº 12- 14, a cantidade de 2.216,98 euros, polo importe correspondente o mes de xullo de 2012, efectuando dito ingreso na conta de Caixa Madrid, que mantén aberta a comunidade, nº 20384016956000108813.

O gasto deberá imputarse a partida 92202120005 do vixente presuposto.

21(1170).- ABOAR EN CONCEPTO DE CUOTAS DE COMUNIDADE, Á COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DA RÚA ANDURIÑA Nº 21 (PRAZAS DE GARAXE), CORRESPONDENTE Á ANUALIDADE 2012. EXPTE. 2/242.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnico de Admón. Xeral, de data 9.08.2012, conformado pola concelleira delegada da área, e co fiscalizado de conformidade da xefa do servizo de Fiscalización, do 13.09.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aboar a Comunidade de Propietarios da rúa anduriña nº 21, Bloques 2 e 4, en concepto de pago de cuotas de Comunidade correspondentes o Concello de Vigo , pola propiedade das paraxas de garaxe relacionadas na parte expositiva de este informe proposta, correspondente a anualidade 2012 a cantidade de 480 euros.

Dito importe será abonado na conta bancaria nº 2080 0141 460000025072.

Dito gasto poderase imputar a partida 92202120005 do vixente presuposto

22(1171).- ABOAR EN CONCEPTO DE CUOTAS DE COMUNIDADE, Á COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DA RÚA ANDURIÑA Nº 21 (CATRO VIVENDAS), CORRESPONDENTE Ó PERÍODO XANEIRO-DECEMBRO 2012. EXPTE. 1/242.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnico de Admón. Xeral, de data 9.08.2012, conformado pola concelleira delegada da área, e co fiscalizado de conformidade da xefa do servizo de Fiscalización, do 13.09.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aboar a Comunidade de Propietarios da rúa Anduriña, nº 21 , en concepto de cuotas de Comunidade correspondentes o Concello de Vigo, pola propiedade de catro vivendas en dito inmovible, correspondentes o período xaneiro de 2012 a decembro de 2012, a cantidade de 1080 euros.

Dito gasto poderase imputar a partida 92202120005 do vixente presuposto

23(1172).- ABOAR EN CONCEPTO DE CUOTAS DE COMUNIDADE, Á COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DA RÚA QUINTELA Nº 31 (BAIXO COMERCIAL), CORRESPONDENTE Ó PERÍODO XULLO 2009-OUTUBRO 2011. EXPTE. 19287/240.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnico de Admón. Xeral, de data 10.08.2012, conformado pola concelleira delegada da área, e co fiscalizado de conformidade da xefa do servizo de Fiscalización, do 13.09.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aboar a Comunidade de propietarios da rúa Quintela 31, en concepto de pago de cuota de comunidade correspondente a este Concello como propietario dun baixo Comercial en dito inmovible, polos meses de xullo de 2009 a outubro de 2011, a cantidade de 1.608,12 euros. O importe poderase imputar a partida 12102120005 do vixente presuposto.

24(1173).- ABOAR EN CONCEPTO DE CUOTAS DE COMUNIDADE, Á COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DA RÚA ROMIL Nº 20, CORRESPONDENTE Á DERRAMA POLAS OBRAS DE REHABILITACIÓN DO TELLADO E CAMBIO DE CUBERTA. EXPTE. 19496/240.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnico de Admón. Xeral, de data 14.08.2012, conformado pola concelleira delegada da área, e co fiscalizado de conformidade da xefa do servizo de Fiscalización, do 13.09.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aboar a Comunidade de Propietarios do edificio situado na rúa Romil 20, no cal este Concello é propietario dun baixo , situado en dito inmovible, que representa unha cuota de participación do 14%, a cantidade de 7.433,00 euros, correspondentes os gastos comunitarios pola derrama correspondente as obras de rehabilitación do

tellado e cambio de cuberta no inmovble.

25(1174).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE TAELO, S.COOP, POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE TRUNKING, NO PERÍODO DE MARZO A MAIO 2012. EXPTE. 35875/212.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do Superintendente xefe da Policía Local, de data 10.09.2012, conformado polo concelleiro delegado da área, e co informe do Interventor Xeral, do 19.09.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Aprobar a favor da mercantil TAELO, S. COOP., con C.I.F. F-36.049.543, unha indemnización substitutiva por importe de 17.792,04 € (IVE engadido) pola prestación do servizo de radiocomunicacións para a Policía Local e o Servizo de Extinción de Incendios correspondente ao período de marzo, abril e maio de 2012, segundo factura Nº. TR80044/12, aos efectos de evitar un enriquecemento inxusto do Concello de Vigo en función da efectiva e satisfactoria prestación do citado servizo e a falta de cobertura contractual do mesmo.

2.- Recoñecer en consecuencia o dereito da citada mercantil, a perceber dita cantidade polo referido concepto con cargo á aplicación orzamentaria 1320.2080000.

26(1175).- MODIFICACIÓN DO IMPORTE MÁXIMO DO CONTRATO CORRESPONDENTE AO SUBMINISTRO DE COMBUSTIBLES DO PARQUE MÓBIL MUNICIPAL, DE ACORDO COS PREGOS DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E TÉCNICAS DO CONTRATO EN VIGOR E A SÚA OFERTA. EXPTE. 9278/445.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe do Parque Móbil, de data 21.09.2012, conformado polo xefe da área e polo concelleiro delegado da área e pola concelleira delegada de Facenda, e co informe do Interventor Xeral, do 20.09.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro: Aprobar a modificación do importe máximo do contrato correspondente ao subministro de combustibles do Parque Móbil Municipal, polo importe de 95.000,00 euros ano, pasando dun importe máximo anual de 318.925,00 €, a un importe máximo de 413,925,00 €. para unha anualidade completa (12 meses), imputándose a anualidade do contrato vixente que remata o 30 de novembro de 2012 a contía de 332,925,00 €, de acordo cos pregos de cláusulas administrativas particulares e técnicas do contrato en vigor e a súa oferta.

Segundo: Autorizar o gasto de 95.000,00 euros para o aumento do importe máximo do contrato vixente a favor de Cepsa Comercial Noroeste, S.L., con cargo á partida 9222.221.03.00 do orzamento municipal en vigor.

Terceiro: Procedera a formalización contractual desta modificación, procedendo

a ampliar a garantía definitiva correspondente o importe da ampliación do prezo máximo do contrato.

27(1176).- RECADACIÓN EN VÍA DE APREMO DE RECIBOS POR SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE, SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS. EXPTE. 19351/700.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do Tesoureiro Municipal, de data 18.09.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

Interesar da Tesourería Municipal do Concello de Vigo, tralas comprobacións e informes que estime oportuno recadar, se inicie e desenvolva o procedemento administrativo de constrinximento mediante providencia ditada polo Tesoureiro municipal e notificada o obrigado tributario, que permita a xestión de cobramento das cantidades adebedadas á entidade concesionaria, segundo consta nas certificacións de descuberto polo importe total de 198.322,35 €, en cumprimento do establecido nas cláusulas 67 e seguintes do prego de condicións económico-administrativas que rexeu o concurso para o outorgamento da concesión e con arranxo ó procedemento regulado na Lei xeral tributaria e o Regulamento xeral de recadación.

28(1177).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE EMPRESARIOS AUTÓNOMOS DO MERCADO DO PROGRESO, CORRESPONDENTES AOS SERVIZOS PRESTADOS NO MERCADO DO PROGRESO. EXPTE. 5393/551

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da xefa do servizo de Turismo e Comercio, de data 11.09.2012, conformado polo concelleiro delegado da área, e co informe do Interventor Xeral, do 19.09.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Convalidar as actuacións municipais e a disposición do gasto e prestar aprobación á indemnización substitutoria a favor de ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE EMPRESARIOS AUTÓNOMOS DO MERCADO DO PROGRESO, CIF G-36664027, na contía de 21.773,95 €, correspondentes ós servizos prestados no Mercado do Progreso en relación coas facturas que se citan.

2º.- De conformidade coas Bases de execución orzamentaria para o ano 2012, recoñecer a obriga do gasto a favor do acredor ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE EMPRESARIOS AUTÓNOMOS DO MERCADO DO PROGRESO, CIF G-36664027 , polo importe de 21.773,95 €, correspondentes ás facturas seguintes:

exped fact	estado fact	nº fact	data fact	fact base	fact ive	fact total
5394-551	V	09 12	03/09/12	17.995,00 €	3.778,95 €	21.773,95 €

3º.- Ordenar o pago a favor de ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE EMPRESARIOS AUTÓNOMOS DO MERCADO DO PROGRESO, CIF G-36664027, polo devandito importe de 21.773,95 € con cargo ao crédito dispoñible na partida 4310.227.99.11 “Gastos Funcionamento do Mercado do Progreso” do orzamento vixente.

29(1178).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE ASOCIACIÓN VECIÑAL, CULTURAL E DEPORTIVA DE LAVADORES, CAMPAMENTOS 2011. EXPTE. 3564/336.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da xefa do servizo de Xuventude, de data 30.08.2012, conformado pola concelleira delegada da área e pola concelleira de Facenda, e co informe do Interventor Xeral, do 17.09.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobación da indemnización substitutiva mediante recoñecemento extraxudicial de crédito a favor de Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Lavadores por un importe de 12.200 Euros, sendo o estipulado nos párrafos precedentes da proposta.

Recoñecer a obriga a favor de Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Lavadores, por un importe de 12.200 Euros, imputable a aplicación orzamentaria 3370.2279911 "REC. EXT. CRED. CAMPAMENTOS DE VERÁN A V CULT. LAVADORES"

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

30(1179).- PROXECTO MODIFICADO Nº 1 DA OBRA DE HUMANIZACIÓN DA RÚA DOUTOR MARAÑÓN. EXPTE. 1534/440.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnica de xestión da área de Fomento, de data 14.09.2012, conformado polo concelleiro delegado da área, co informe da técnica de Admón. Xeral e da Titular da Asesoría Xurídica, do 24.09.2012, e co informe da técnica de Fiscalización e Control Financeiro, do 27.09.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar o proxecto Modificado nº 1 das obras de “Humanización da Rúa Doutor Marañón”, que non supón incremento do presuposto previsto no primitivo proxecto.

31(1180).- PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARTICULARES PARA A “URBANIZACIÓN DA ÁREA DOTACIONAL AD-6 DESCONTINUA SAN SEBASTIÁN-ABELEIRA MENÉNDEZ. EXPTE. 1547/440.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe da área de Fomento e do asesor xurídico da área, de data 28.09.2012, conformado polo concelleiro delegado da área e pola concelleira da área de Facenda, co informe da técnica de Admón. Xeral e da Titular da Asesoría Xurídica, do 28.09.2012, e co informe do Interventor Xeral da mesma data, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Declarar a urxencia na tramitación do expediente de contratación das obras de *“Urbanización da Área Dotacional AD-6 Discontinua San Sebastián/Abeleira Menéndez”*, ao amparo dos artigos 112 e 144 da TRLCSP, a efectos da redución de prazos do procedemento e prazo de inicio das obras, trala formalización do contrato.

2º.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares redactado polo xefe da Área de Fomento e o xefe da Ospio, con data 28 de setembro de 2012 para á *“Urbanización da Área Dotacional AD-6 Discontinua San Sebastián/Abeleira Menéndez”*.

3º.- Aprobar o prego de condicións administrativas particulares que rexira a licitación redactado conxuntamente polo Asesor Xurídico da Área de Fomento e o Xefe de Área de Fomento con data 28 de setembro de 2012.

4º.- Autorizar o gasto para o presente exercicio por importe de 199.188,49 Euros, máis o 21% (41.829,58 Euros) correspondente ao IVE soportado pola Administración, o que fai un importe de 241.018,07 Euros (douscentos corenta e un mil dezaioito euros con sete céntimos) con cargo a partida orzamentaria 1550.619.00.79 do orzamento municipal vixente.

5º.- Abrir o procedemento licitatorio para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente

32(1181).- PROGRAMA DE SENSIBILIZACIÓN E EDUCACIÓN AMBIENTAL A TRAVÉS DAS RUTAS POR VIGO E BISBARRA DE OUTUBRO A DECEMBRO 2012. EXPTE. 8823/306.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe do servizo de Medio Ambiente, de data 24.09.2012, conformado pola concelleira da área, e co conforme do Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar o programa de sensibilización e educación medioambiental “camiño a camiño”: rutas por Vigo e bisbarra, redactado polo Servizo de Medio Ambiente en data do 21 de setembro de 2012, que recolle nove rutas medioambientales por Vigo e Bisbarra, seis polo sendeiro de As Greas e tres por Vigo, para un total de 2.700 participantes, que se desenvolveran os días 7, 14, 21 e 28 de outubro, 4, 11, 18, 25 de novembro, 2 de decembro, de 2012

O orzamento total das actividades ascende a 28.528,50 euros, dos cales 21.598,50 euros con cargo á partida orzamentaria 1720.227.99.08; e o importe de 6.930,00 euros (transporte terrestre en autobús discrecional) con cargo ao RCM núm. Operación 201200010105.

Segundo.- Aprobar o prezo que debe achegar cada participante para as seis rutas que se desenvolverán fóra do termo municipal de Vigo, sendeiro de As Greas, que ascende a 3 euros, a excepción dos menores de catorce anos que non pagan e cun máximo de quince menores por ruta, o que representa unha porcentaxe a cargo dos participantes que oscila entre o 17,98% e o 18,93% en función do número mínimo e máximo de menores de catorce anos que participen nas rutas, de conformidade co estudo técnico que se contén no programa.

Terceiro.- A recadación do prezo efectuarase na forma que determine a Tesourería municipal.

Cuarto.- Unha vez aprobado o programa, tramitar os procedementos administrativos necesarios para a execución deste.

33(1182).- CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS PARA O FOMENTO DO ASOCIACIONISMO E A PARTICIPACIÓN CIDADÁ, ANO 2012. EXPTE. 5756/320.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnica de xestión de Atención e Participación Cidadá, de data 28.05.2012, conformado polo xefe do servizo de Participación e polo concelleiro delegado da área, co informe xurídico do secretario da Admón. Municipal, do 28.08.2012, e informe complementario do 18.09.2012, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización, do 27.09.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO.- APROBAR a convocatoria e bases reguladoras das “*Subvencións para o fomento do asociacionismo e da participación cidadá para o ano 2012*”, de conformidade co art. 20.2.a) da LSG, realizada pola Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas económicas ás asociacións veciñais e sociedades culturais que operen no movemento veciñal, sen ánimo de lucro, inscritas nos epígrafes 10.1 e 10.5 do RMA, e que cumpran os requisitos para ser beneficiarias, por unha contía total de 280.000 € (douscentos oitenta mil euros).

SEGUNDO.- APROBAR, como modelos oficiais, os once modelos normalizados, de solicitudes, información complementaria, memoria económica, cartelería e renuncia, que acompañan, como “Anexos”, denominados do “I” ao “XI”, ás bases reguladoras das “*Subvencións para o fomento do asociacionismo e da participación cidadá para o ano 2012*”.

TERCEIRO.- PUBLICAR, unha vez aprobadas, a convocatoria e bases reguladoras das “*Subvencións para o fomento do asociacionismo e da participación cidadá para o ano 2012*” no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e páxina web do Concello de Vigo, conforme ao art. 14.1 da LSG, publicación que determinará o inicio do prazo de 15 días hábiles para a presentación de solicitudes, que se computarán de conformidade co art. 48 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de RXAP e PAC. Así mesmo, publicaránse no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo.

CUARTO.- APROBAR o gasto, por importe de 80.000 € (oitenta mil euros), con cargo á partida presupostaria 9240 4890000, denominada “*Subvencións a entidades cidadás e sindicatos*” do vixente exercicio presupostario (2012), para colaborar ao financiamento dos gastos subvencionables no Programa I (“Gastos de mantemento”) das “*Subvencións para o fomento do asociacionismo e da participación cidadá para o ano 2012*”.

QUINTO.- APROBAR o gasto, por importe de 200.000 € (douscentos mil euros), con cargo á partida presupostaria 9240.7800000, chamada “*Transferencias de Capital Asociacións*” do vixente exercicio presupostario (2012), para colaborar ao financiamento dos gastos subvencionables nos Programas II (“Gastos en investimento: equipamento”) e III (“Gastos en investimento: obras e adquisición de inmobles”), das “*Subvencións para o fomento do asociacionismo e da participación cidadá para o ano 2012*”.

SEXTO.- RECURSOS: contra o presente acordo poderán os/as interesados/as interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos arts. 116 e 117 da Lei 30/92, de RXAP e PAC e arts. 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO ASOCIACIONISMO E DA PARTICIPACIÓN CIDADÁ (ANO 2012)

PRIMEIRA.- OBXECTO, FINALIDADE E BENEFICIARIAS DAS SUBVENCIÓNS

a) Esta convocatoria de subvencións, realizada pola Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo, ten por obxecto a concesión, en réxime de

concorrenza competitiva, de axudas económicas ás asociacións veciñais e sociedades culturais, sen ánimo de lucro que operan no movemento veciñal, constituídas legalmente como tales, para o desenvolvemento de actividades e programas de interese xeral, realizadas ou pendentes de levar a cabo no ano 2012. Están dirixidas a fomentar o asociacionismo e a participación cidadá, co fin de reforzar a capacidade de autoorganización das entidades asociativas e posibilitar o fortalecemento do tecido social e a promoción de calidade de vida e benestar social da cidadanía.

b) A efectos da presente convocatoria, considéranse programas necesarios para o normal funcionamento da entidade, para o cumprimento dos seus fins e o desenvolvemento das súas actividades sociais, os cales se pretenden fomentar, os seguintes:

- Programa I: “Gastos de mantemento”
- Programa II: “Gastos en investimento: equipamento”
- Programa III: “Gastos en investimento: obras e adquisición de inmobles”

c) A finalidade ou obxectivo que se pretende acadar coa convocatoria é o fomento do asociacionismo e da participación cidadá, en particular:

- Contribuír á existencia e funcionamento ordinario das asociacións veciñais e sociedades culturais, para a representación e defensa de intereses xerais e sectoriais.
- Potenciar a xeración e continuidade de grupos e programas de actuación estables, sin prexuízo da diversidade de actividades programadas.
- Avaliar os resultados dos programas e actividades sociais realizados a fin de determinar as necesidades reais existentes.
- promocionar os sectores de poboación mais desfavorecidos.
- Fomentar proxectos de actividades, servizos, o emprego de novas tecnoloxías, os programas formativos nas propias sedes das asociacións.
- Apoiar ás entidades asociativas no desenvolvemento dos seus proxectos para o fomento de participación cidadá, nos que se poden incluír actuacións nos campos da cultura, o benestar social, o ocio, o voluntariado e a integración veciñal, en xeral, de contido sociocomunitario.
- Potenciar a dinamización social e as relacións da cidadanía a través de actividades de ocio en tempo libre e de promoción da cultura tradicional.
- Fomentar as actividades ocupacionais e informativas de cara a unha integración laboral.
- Potenciar publicacións periódicas de difusión e información das actividades propias e edición de estudos e investigacións na área de participación cidadá e o asociacionismo.
- Incidir na información, formación e promoción de condutas, valores cívicos e éticos en xeral, así como a promoción da sociedade plural e non discriminatoria (tolerancia, solidariedade, respecto a diversidade e integración).
- Promover proxecto de sensibilización de participación cidadá coa solidariedade e cooperación e a cultura da paz.
- Captar e promover a formación do voluntariado, dinamizando o tecido asociativo.
- Promover a cohesión social da cidade e da cidadanía, a través de espazos e foros abertos de debate, intercambio de ideas e experiencias para a comunicación social.
- Programas de sensibilización e ampliación dos recursos propios a través de captación de novos asociados, doazóns e colaboracións.

d) Poderán concorrer a esta convocatoria pública as asociacións de veciños e sociedades culturais que operen no movemento veciñal, sen ánimo de lucro, inscritas, respectivamente, nos epígrafes 10.1 e 10.5 do Rexistro Municipal de Asociacións (RMA), que cumprindo os requisitos e finalidade da mesma, fomenten o asociacionismo e a participación cidadá e teñan como ámbito de actuación o termo municipal de Vigo, e cuxas actividades complementen competencias

municipais, mediante a realización de programas de actividades xerais ou específicos que serven para reforzar os servizos que, neste ámbito, presta o Concello de Vigo.

SEGUNDA.- REQUISITOS DOS SOLICITANTES

Poderán solicitar subvencións e obter a condición de beneficiarios as entidades, sen ánimo de lucro, inscritas nos epígrafes 10.1 e 10.5 do Rexistro Municipal de Asociacións (RMA), operen no movemento veciñal e traballen no ámbito sociocomunitario, da participación cidadá e das relacións cidadáns, e que reúnan os seguintes requisitos:

1. Que teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo.
2. Que, conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras, teñan obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nas presentes bases.
3. Que dispoñan dunha estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos e acreditar a experiencia e capacidade necesaria para acadalos.
4. Que teñan debidamente xustificadas en tempo e forma axudas outorgadas nesta área do Concello de Vigo na convocatoria anterior.
5. Que acrediten que se atopan ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social mediante a presentación das correspondentes certificacións nos termos dos art. 22 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións (RLXS), e vixentes de conformidade co art. 23 do mesmo.
6. O interesado poderá autorizar, expresamente, ao Concello de Vigo para consultar dita información tributaria na Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT). Noutro caso, será preciso achegar a oportuna certificación.
7. Non estar incursas as persoas físicas ou entidades ou as persoas que ostentan a representación legal das mesmas, nalgún dos supostos de prohibición o circunstancias previstas no art. 13 da LXS que impiden acadar a condición de beneficiario/a.
8. Acompañar á solicitude a documentación preceptiva detallada na Base oitava desta convocatoria.
9. Que non exista no orzamento municipal vixente consignación presupostaria nominativa ao seu favor para a concesión dunha subvención ou axuda directa, é dicir, para a formalización dun convenio de colaboración, nos supostos do apartado anterior.
10. Estar ao día no cumprimento do disposto no art. 8 do Regulamento de Participación Cidadá, sobre actualización de datos do Rexistro Municipal de Asociacións.

TERCEIRA.- GASTOS SUBVENCIONABLES

En xeral, son gastos subvencionables os que, de xeito indubitado, respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo establecido por estas bases reguladoras.

A efectos desta subvención, sempre e cando se acredite a realización das actividades que motivan a súa concesión, considéranse gastos subvencionables, os realizados dentro do ano da convocatoria (2012), que se revelen como obxectivamente necesarios para que as asociacións poidan cumprir os fins que lle son propios ou derivados especificamente do desenvolvemento das actividades programadas que se pretenden fomentar, e que teñan acomodo nalgún dos dous programas obxecto de convocatoria:

1- Programa I: “Gastos de mantemento”: gastos correntes de funcionamento e mantemento das sedes e das súas instalacións sociais, realizados dentro do ano 2012, entendendo por tales, os que permitan o normal funcionamento das entidades veciñais beneficiarias, no que se refire, entre outros, a subministro de servizos (auga, electricidade, gas, teléfono...), arrendamento do local social, mantemento de equipos informáticos, papelería, xestoría ou asesoramento xurídico ou financeiro para trámites da propia asociación, seguros, impostos (IBI, lixo...), pequenas avarías nas sedes sociais (arranxo ou reposición de pechaduras, lámpadas, enchufes, billas...), mantemento de equipos informáticos, limpeza ou similares. Os gastos de xestión e administración do local social (persoal), só poderán imputarse ata un máximo dun 10% do

importe total da subvención obtida por este concepto.

3- Programa II :“Gastos en investimento: equipamento”: equipamento das sedes sociais mediante a adquisición de bens mobles inventariables durante o ano 2012, admitíndose, únicamente os destinados á nova adquisición, ou substitución de equipos, equipamento de luz, son e maquinaria escénica, equipos informáticos, mobiliario de oficina e similares, sempre que respondan á natureza da actividade subvencionada. Estes gastos son finalistas e a subvención atenderá soamente ao aprobado pola Xunta de Goberno Local, non admitíndose cambios na compra deste material que non fosen expresamente autorizados.

Deberá acreditarse mediante certificación do/a secretario/a da entidade que equipamento adquirido se incorporou ao inventario da entidade, con indicación expresa do fin concreto para o que se destinarán o/s ben/s subvencionado/s e o período durante o cal quedarán afectados a dito fin, que será, como mínimo, de dous anos.

2- Programa III: “Gastos en investimento: obras e adquisición de inmobles”: adquisición, obras de nova construción, reforma, rehabilitación ou conservación de bens inmobles e instalacións sociocomunitarios, situados no termo municipal de Vigo, ocupados, tanto en réxime de propiedade privada, de cesión (pública ou privada) ou en réxime de aluguer, executadas ou pendentes de executar pola entidade beneficiaria, tanto con fondos propios como coa colaboración doutras entidades públicas e privadas, durante o ano 2012. Poderán incluírse, como gastos indirectos, ata un máximo dun 20% do orzamento achegado, os desembolsados no proxecto, estudos previos, obtención de licenzas e permisos, impostos, gastos notariais e rexistrals, e similares, sempre que estean directamente relacionados coa actuación subvencionada e sexan indispensables para a adecuada execución ou preparación da mesmo.

En ningún caso, se aboará a subvención en concepto de obras, se a beneficiaria non acredita contar coa preceptiva licenza municipal ou, no seu caso, non achegue a correspondente comunicación previa, de seren esixibles conforme a normativa urbanística.

No caso de adquisición, nova construción, rehabilitación e mellora integral de bens inmobles inventariables, inscribibles no Rexistro da Propiedade, deberá facerse constar na escritura, obrigatoriamente, o destino do/s bens ao fin concreto para o que se concedeu a subvención, o importe da subvención concedida e o período durante o cal a beneficiaria debe destinar o/s ben/s a dito fin, que, como mínimo, será de cinco anos.

Cando o importe dos gastos exceda de 50.000 € para a execución da obra, ou de 18.000 €, no caso de subministro de bens de equipo ou prestación de servizos, a beneficiaria deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores, salvo que non exista no mercado entidades suficientes que o subministren ou que o gasto tivera lugar antes da solicitude da subvención. A elección da oferta, que deberá xustificarse expresamente cando non recaia na proposta económica mais económica, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía.

En ningún caso serán subvencionables:

- os intereses debedores das contas bancarias
- intereses, recargos e sancións administrativas e penais
- os gastos de procedementos xudiciais

Pola súa parte, os tributos son gastos subvencionables cando o beneficiario da subvención os aboa efectivamente, non considerándose como tales os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, nin os impostos persoais sobre a renda.

En ningún caso, o custe dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

CUARTA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO

a) A contía total destinada a estas subvencións para o vixente exercicio presupostaria (2012) é

de 280.000 € (douscentos oitenta mil euros), distribuídos do seguinte xeito:

1.- Programa I: 80.000 € (oitenta mil euros), que se fará efectiva con cargo á partida orzamentaria 9240 4890000, denominada “*Subvencións a entidades cidadás e sindicatos*” do vixente exercicio presupostario (2012). A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 3.000 €.

2.- Programas II e III: 200.000 € (douscentos mil euros), que se fará efectiva con cargo á partida orzamentaria 9240.7800010, chamada “*Transferencias de Capital Asociacións*” do vixente exercicio presupostario (2012). A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, os 5.000 € en equipamento e o 80% do orzamento e 15.000 € en obras.

b) O importe da subvención ou axuda, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, aillada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, supere o custe da actividade ou actuación subvencionada.

c) A concesión da subvención non xerará ningún dereito á percepción da mesma en futuras convocatorias.

QUINTA.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓNS

Estas subvencións serán compatibles con outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

As entidades beneficiarias deberán comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar o da actividade subvencionada, en cuxo caso, procederase na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS).

Non serán compatibles con ningunha outra subvención que, para os mesmos Programas subvencionables na presente convocatoria (fomento das actividades, vía mantemento, investimento en equipamento e/ou investimento en obras) tivese outorgado a Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, nin as solicitadas para a mesma finalidade noutro departamento municipal no vixente exercicio presupostario, aínda no caso de que se trate de distintas actividades, gastos de mantemento, equipamento ou obras ou que estes gastos se leven a cabo en distinto local social dos que ocupe a asociación, e con independencia da contía obtida ou solicitada.

De existir no orzamento municipal vixente consignación presupostaria nominativa ao favor dunha entidade para a concesión dunha subvención ou axuda directa, é dicir, para a formalización dun convenio, para axudar ao financiamento de gastos comprendidos en calquera dos Programas subvencionados segundo estas bases, a entidade solicitante non poderá concorrer na presente convocatoria nos referidos Programas.

SEXTA.- DESESTIMACIÓN DAS SOLICITUDES

Unha vez estudados os proxectos presentados polas asociacións, desestimaranse as seguintes solicitudes:

1- Cando as actividades que se pretenden fomentar, segundo memoria achegada:

- Non se axusten aos fins e obxectivos perseguidos nesta convocatoria.
- Supoñan a edición de documentos internos ou externos de signo exclusivamente propagandístico.
- Aquelas de carácter político e doutrinal de signo partidario e/ou confesional.
- Actividades de signo docente previstas nos programas de ensino.
- Aquelas que, en consideración ao proxecto e programación, non reúnan as condicións mínimas de interese xeral, non acadando a puntuación mínima na valoración específica da memoria de actividades, indicando unha mala definición do mesmo ou que a materia non se axusta aos obxectivos e finalidades da convocatoria.
- Cando non se axuste á solicitude o proxecto de actividades que fundamentan a concesión da subvención.
- Cando o proxecto de actividades achegado, non se axuste, no seu contido, ao disposto na Base oitava.
- Cando o proxecto de actividades achegado non acade a puntuación mínima de cinco puntos, atendendo aos criterios de avaliación establecidos

2- Con carácter xeral:

- A non xustificación ou xustificación fora de prazo das subvención do ano anterior.
- Aqueles solicitudes de subvención cando sexan achegadas por entidades que non operen no movemento veciñal e non estean debidamente inscritas nos epígrafes 10.1 ou 10.5 do Rexistro Municipal de Asociacións.
- Aqueles solicitudes para Programas que comprenden gastos subvencionables que xa foron solicitados noutras áreas ou servizos do Concello de Vigo ou subvencionados pola Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado no vixente exercicio orzamentario.
- Cando no vixente orzamento municipal exista consignación nominativa a favor da asociación para a formalización dun convenio de colaboración para axudar ao financiamento de gastos comprendidos nalgún dos Programas subvencionables nesta convocatoria, desestimaranse as solicitudes do/s referido/s Programa/s.
- En xeral, as solicitudes daquelas entidades que non cumpren os requisitos establecidos na Base Segunda desta convocatoria e na lexislación vixente aplicables para acadar a condición de beneficiarias
- Cando a entidade non atende, no prazo de dez días, ao requirimento de presentación de documentación, información o aclaracións, realizado pola Comisión de Valoración, esta propondrá a desestimación da/s solicitude/s de subvención/s

3.- No Programa I:

- Aqueles gastos de carácter suntuario, que non son imprescindibles para o bo desenvolvemento do proxecto e/ou que non están relacionados directamente coa inversión.

4.- No Programa II:

- Aqueles que en consideración ao proxecto ou investimento non reúnan as condicións mínimas de interese xeral, non acadando unha puntuación mínima suficiente na valoración específica do proxecto, indicando unha mala definición do mesmo ou que a materia non se axusta aos obxectivos da convocatoria.
- Aqueles proxectos destinados en exclusiva aos socios/as ou os seus promotores/as.
- Os destinados a equipamentos que procuren algún tipo de lucro para os seus xestores, promotores, etc.
- Aqueles que non respondan á natureza da actividade subvencionada

5.- No Programa III:

- Aqueles proxectos sobre locais arrendados, cando o contrato de alugamento sexa inferior a 5 anos, e o importe das obras supere o 5% do valor catastral.
- Aqueles proxectos de obras realizadas en locais de titularidade municipal sen a previa autorización ou conformidade da Concellería de Participación Cidadá e a acreditación ter solicitado a oportuna licenza municipal, sen prexuízo da presentación da resolución de licenza ou, no seu caso, comunicación previa, no momento da xustificación.
- Aqueles gastos en man de obra directa derivada do voluntariado.

SÉTIMA.- OBRIGAS QUE ASUMEN AS ENTIDADES SUBVENCIONADAS

Os beneficiarios das subvencións conforme a presente normativa, están obrigados a:

1. Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e condicións, así como, a realización das actividades que fundamentan a concesión das axuda na forma, prazos e termos establecidos na memoria.
2. Acreditar que se realizaron os gastos subvencionados a que se refiren os Programas I, II e III., asumindo as obrigas (impostos, permisos, seguros, ...) e demais responsabilidades legalmente esixibles en cada caso.
3. Comunicar calquera eventualidade ou modificación na programación ou execución dos proxectos presentados que supoña menor execución de unidades de obra, servizo ou equipamento, comunicarse no prazo máximo de 7 días a partir do momento en que se produzan, en todo caso, antes de resolución do procedemento, solicitando neste mesmo intre, a modificación a baixa na concesión da presente subvención, así como a obtención doutras axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración pública, ente público ou entidade privada.
4. Para os efectos de difusión pública, no lugar onde se realicen as actividades, as obras ou no equipamento adquirido, deberá figurar de forma visible, cartel informativo, segundo o **Anexo X** aprobado nesta convocatoria e que estará a disposición no Servizo de Participación Cidadá para todas aquelas entidades que o soliciten, no que constará o cofinanciamento do Concello de Vigo. Así mesmo, no taboleiro de anuncios da entidade, ata a finalización do ano 2012, publicitarase que o Concello de Vigo colaborou no financiamento das gastos de mantemento e/ou investimento (equipamento e/ou obras) da asociación, para o fomento das actividades sociocomunitarias e, en xeral, do asociacionismo e da participación cidadá.
5. Someterse ás actuacións de comprobación, seguimento, control financeiro e inspección que o Concello de Vigo considere necesario levar a cabo, para o que facilitará toda a información e documentación complementaria que se lle requira
6. Responder legalmente da falta de veracidade dos datos expostos e do incumprimento das presentes bases.
7. Achegar a preceptiva licenza municipal de obras ou, no seu caso, cando a actuación no estivera sometida a réxime de autorización, a oportuna comunicación previa, de seren esixibles conforme á normativa urbanística.
8. A entidade beneficiaria que ocupe un local municipal cedido, deberá contar coa previa autorización ou conformidade da concellería de Participación Cidadá, para levar a cabo as obras para as que solicita a axuda.
9. Cumprir as condicións que se establecen nestas Bases para a concesión da subvención.
10. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, por canto poderán ser obxecto de actuación de comprobación e control.
11. Comunicar, con motivo da xustificación da subvención, a obtención doutras subvencións para os mesmos gastos subvencionados nos Programas desta convocatoria, ou para a mesma finalidade procedentes de calquera das administracións públicas ou entidades

públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, así como, outros ingresos ou recursos que financien a mesma.

12. Estar ao corrente fronte ás súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
13. Responder da veracidade da información e autenticidade da documentación achegadas.
14. Cumprir coas demais obrigas establecidas no art. 14 da LXS.

OITAVA.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN

1- As solicitudes de subvención presentaranse, debidamente cumprimentadas, nos modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web (www.vigo.org) e no Servizo de Información do Concello de Vigo. Os solicitantes deberán achegar:

a) **Anexos I, II e III “Solicitudes”**: Unha solicitude de participación para cada un dos Programas aos que pretende concorrer a entidade, cadanseu con un número de rexistro de entrada distinto, se prexuízo da súa tramitación simultánea, cumprimentados na súa totalidade, nos Anexos I (mantemento), II (investimento equipamento) e/ou III (investimento obras), con expresión, segundo proceda, de:

- datos da solicitante
- datos do/a representante legal
- domicilio a efectos de notificación
- datos do proxectos (denominación, detalle polo miúdo dos gastos, orzamento e contía solicitada)
- lugar, data, sinatura e selo

b) **Anexo IV “Información complementaria solicitude”**, común para os Programas subvencionables, no que se debe reflectir, necesariamente:

- datos da entidade solicitante
- Programa/as aos que concorre e contía solicitada
- actualización de datos do RMA
- xestión económica e financeira no ano 2011 (balance de gastos e ingresos)
- titularidade do local social e autorización de obras pola Concellería convocante
- autorización para solicitar información tributaria
- declaracións responsables (veracidade e autenticidade da información e documentación, cumprimento de condicións e obrigas, obrigas art. 14 LXS, estar ao corrente coas obrigas tributarias, non estar incurso nas prohibicións do art. 13 LXS, non percepción doutras subvencións para a mesma finalidade)
- nivel de cooperación
- sistemas de información, comunicación e publicidade
- documentación achegada, riscando cando proceda, segundo os Programas solicitados

c) **Proxecto de actividades para o 2012** (incluídas as actividades realizadas e por realizar), que sirven de fundamento para a concesión da subvención. Sen prexuízo da descrición que, polo miúdo, deberá achegarse con motivo da xustificación das subvencións para cada unha das actividades executadas o programadas, nesta memoria deberá figurar:

- denominación
- colectivo ao que se dirixe
- data e lugar de celebración
- participantes (se xa se coñecen)
- finalidade ou obxectivo/s
- financiamento

- medios a empregar (materiais e humanos)
- resultados que se pretenden acadar

d) **Fotocopia do DNI da persoa que actúa en nome e representación da entidade**, e documento que acredite a súa representación (certificación secretario, acordo órgano goberno, acta...), así como **CIF da entidade**.

e) **Certificacións de estar ao corrente coas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social**, vixentes de conformidade co art. 23.3 RLXS, de xeito que, de ter presentados os certificados requiridos no Concello de Vigo cunha antigüidade inferior a seis meses, no será esixible a súa presentación, sempre que se nos indique o número de expediente no que obran.

No será preciso a súa presentación, no caso dos certificados de non ter débedas pendentes coas administracións estatal, mediando autorización da entidade solicitante para a obtención da información tributaria por medios informáticos ou telemáticos.

En todo caso, o Servizo de Participación Cidadá comprobará de oficio que as entidades solicitantes das subvencións están ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias co Concello de Vigo.

f) **Fotocopia da licenza municipal de obra ou, no seu caso, da solicitude** (no caso de ser esixible), segundo as obras xa se realizasen no ano 2012 con anterioridade a esta convocatoria, ou estean pendentes de execución neste ano, sen prexuízo da presentación daquela no momento da xustificación. No caso de que, a tramitación da licenza esixa proxecto técnico, o orzamento achegado deberá axustarse ao contemplado no mesmo, sen que, en ningún caso, poida ser superior, o que se acreditará mediante a presentación da copia do orzamento redactado polo técnico competente.

g) Calquera outra comunicación de **modificación ou actualización de datos da entidade** que consideren relevante (declaración de utilidade pública, honras, distincións...), podendo, así mesmo, acompañar os elementos que estimen convenientes para completar os datos dos modelos, que serán tidos en conta á hora de estudar e avaliar as solicitudes.

2- Porén, o solicitante poderá acollerse ao establecido no art. 35.f) da Lei 30/92, de 26 de novembro, de RXAP e PAC, en relación co dereito a non presentar documentos que obren en poder da administración convocante, sempre que se faga constar a data e órgano ou dependencia na que foron presentados, ou, no seu caso, o número de expediente ou procedemento no que se fixeron valer.

3- O departamento convocante pode requirir, canda outra documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos para participar na convocatoria considere necesaria, así como, complementar a información facilitada pola entidade, para unha mellor avaliación das solicitudes achegadas.

4- Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos nesta convocatoria, o órganos competente requirirá á interesada para que subsane a falta no prazo máximo e improrrogable de 10 días, co apercibimento de que se non o fai teráselle desistido da súa petición previa resolución.

5- Estará a disposición das entidades interesadas, na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org), o documento "Guía para a elaboración de proxectos e a tramitación de subvencións", sobre como redactar un proxecto.

6- En calquera momento anterior á resolución do procedemento de subvencións, a interesada poderá desistir da/s súa/s solicitude/s, individualmente consideradas por Programas,

desistimento que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluso/s o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade cos artigos 90 e 91 da Lei 30/92, de RXAP e PAC.

NOVENA.- PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente, segundo o disposto na Base anterior, será de 15 días hábiles, a contar dende o día seguinte a publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, nos termos do art. 48 da LRXAP e PAC.

As solicitudes poderán achegarse no Rexistro Xeral do Concello de Vigo ou en calquera dos rexistros e oficinas que, ao respecto, establece o artigo 38.4 da mesma.

DÉCIMA.- CRITERIOS DE VALORACIÓN DOS PROXECTOS

A concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, tendo sempre como límite a dispoñibilidade orzamentaria da Área de Participación Cidadá destinadas para tal fin no presente exercicio. Neste sentido, levarase a cabo a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, de acordo cos criterios de valoración que se indican, adxudicándolle as axudas proporcionalmente á puntuación obtida, co límite fixado na presente convocatoria e dentro do crédito dispoñible.

Como criterios xerais de valoración para o outorgamento das subvencións dos distintos programas, terase en conta:

a) Traxectoria e antigüidade da entidade.- Ata 10 puntos.

Valorarase tendo en consideración, ademais das datas de constitución e a inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións, o tempo que leve a entidade participando activamente no seu sector e os períodos de inactividade que atravesara.

b) Representatividade e area de influencia.- Ata 5 puntos

Valorarase tendo en consideración o número de socios numerarios da asociación.

c) Capacidade económica, suficiente e axeitada para a xestión, experiencia e especialización acreditada na realización da proposta de similar natureza á que se presenta.- Ata 10 puntos

Valorarase tendo en conta entre outros:

- Os medios materiais dos que dispón a entidade, considerando se ten a súa sede nun local propio ou nalgún local cedido gratuitamente polo Concello ou por outra institución, así como, se está acometendo, ás súas expensas, reformas importantes.
- O orzamento de ingresos e gastos da entidade para o programa, analizando a solvencia para o seu desenvolvemento.

d) Grado de implicación no barrio, parroquia ou distrito e área de influencia.- Ata 5 puntos.

Valorarase tendo en consideración:

- O traballo das asociacións ou entidades en unidades territoriais como barrios ou parroquias fronte a proxectos cun ámbito de aplicación menos definido
- a capacidade da entidade para implicar aos veciños nas actividades da asociación e para fomentar o asociacionismo e a participación cidadá na

parroquia

e) Calidade e viabilidade técnica e económica do proxecto de actividades.- Ata 25 puntos.

Valoraranse o proxecto de actividades, atendendo ás mesmas de maneira individual e tendo en conta:

- Que sexan capaces de xerar grupos ou programas estables fronte a accións puntuais
- Que os programas inclúan contidos e métodos socioculturais e/ou socioeducativos.
- Que se baseen na análise das necesidades existentes no entorno, que teñan unha viabilidade técnica, sexan interasociativos e incidan no entorno.
- Estean dirixidos á promoción dos sectores de poboación mais desfavorecidos.
- Avaliarase positivamente o emprego da lingua galega na realización das actividades que fundamentan a concesión da subvención
- A implicación da entidade solicitante cando achegue unha porcentaxe considerable sobre o custo total do proxecto ou proxectos.
- Colaboración, coordinación e concertación dos proxectos con outras entidades asociativas e aposta pola promoción de alianzas e do traballo en rede.
- O colectivo destinatario e o número de beneficiarios
- As que máis respondan ás demandas veciñais
- Maior número de actividades desenvolvidas, a diversidade de contidos, a súa duración

No caso de que a proxecto de actividades non obteña a puntuación mínima de cinco puntos por este concepto, entenderase desestimada a solicitude.

f) Calidade e viabilidade técnica e económica das propostas.- Ata 25 por Programa.

- Custe do proxecto achegado para cada un dos Programas.
- Mellora do grado de polivalencia e proximidade física e social do equipamento á cidadanía, incremento da accesibilidade cara a integración de colectivos con discapacidade, a través da eliminación de barreiras arquitectónicas tanto de accesos e usos como de mobiliario.
- Adecuación da/s acción/s aos obxectivos e natureza do programa conforme ás prioridades e necesidades sociais detectadas pola Concellaría de Participación Cidadá: interese xeral e repercusión social, especialización acreditada da entidade solicitante na realización de propostas similares, e grao de xustificación doutras axudas recibidas anteriormente.
- Impactos xerados: repercusión social, creación de emprego directo e indirecto, persoas beneficiarias (número e características), contribución da acción á corrección dos desequilibrios territoriais, apoio a actividades pouco implantadas; produtos de interese que se poidan xerar, grao de continuidade en anos sucesivos.

g) Xustificación das subvencións.- Ata 10 puntos

A adecuada xustificación das subvencións anteriores é un requisito necesario para poder concorrer neste procedemento. Coa avaliación deste criterio, o que se pretende é valorar o esforzo realizado pola entidade para unha correcta execución e xustificación das subvencións concedidas, en réxime de concorrencia competitiva, no ano 2011, tanto dende o punto de vista económico, formal como de contidos.

A Comisión de Valoración encargada da avaliación dos proxectos terá en consideración os datos presentados pola entidade xunto co seu propio coñecemento, a través dos datos existentes no Servizo de Participación Cidadá do Concello de Vigo.

A non xustificación da subvencións outorgadas no 2011 polo procedemento de concorrncia competitiva, ou a súa xustificación fora de prazo, será causa de desestimación da/s solicitudes.

DÉCIMO PRIMEIRA.- PROCEDEMENTO: INSTRUCCIÓN, RESOLUCIÓN, NOTIFICACIÓN E/OU PUBLICACIÓN, RECURSOS E RENUNCIA

1- O Servizo de Participación Cidadá, revisará os expedientes, comprobando que conteñen a documentación esixida. No caso de documentación incompleta o defectuosa, requirirase á solicitante para que subsane no prazo máximo e improrrogable de 10 días, transcorrido o cal, teráse por desistido da súa petición, previa resolución.

2- Pola xefatura do Servizo de Participación Cidadá, poderá dispoñerse a realización das oportunas comprobacións sobre a veracidade dos datos achegados polas entidades solicitantes, podendo solicitar os informes que considere necesarios para a mellor valoración das solicitudes e resolución do expediente.

3- A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle ao/á técnico/a de xestión de Participación Cidadá, que poderá realizar de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobacións dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

4- A avaliación das solicitudes de subvención para cada un dos Programa, conforme aos criterios sinalados na Base Décima, realizarase pola Comisión de Valoración, órgano colexiado constituído ao efecto e que terá a seguinte composición:

- 1 Presidente: O concelleiro delegado da Área de de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado
- 2 Vogais: Un/ha técnico/a e un membro da escala administrativa do servizo de Atención e Participación Cidadá
- 1 Secretario: Actuará como secretario un dos vogais membro da Comisión, con voz e voto.

O concelleiro delegado da Área, resolverá o nomeamento dos titulares e suplentes da referida Comisión.

A Comisión poderá requirir a presenza ou solicitar o asesoramento de expertos sobre materias concretas se o considera conveniente.

Nunha fase de preavaliación verificarase o cumprimento das condicións impostas para acadar a condición de entidades beneficiaras das subvencións.

5- As solicitudes avaliaranse con arreglo á documentación achegada, no seu caso, ós informe emitidos, ás limitacións presupostarias existentes e ós criterios de avaliación establecidos na Base Décima.

6- Se a Comisión de Valoración considera que algún dos datos ou documentos achegados polos solicitantes, presenta dúbidas ou erros susceptibles de subsanar, requirirá á interesada para que, no prazo de 10 días, facilite a documentación ou información solicitada. De non atender ao requirimento, a Comisión propondrá a denegación da subvención.

7- Unha vez avaliadas as solicitudes achegadas, o órgano colexiado emitirá informe no que se

concrete o resultado da avaliación, á vista do cal, o instrutor formulará proposta de resolución ao órgano concedente, previo informe no que conste que da información que obra no seu poder despréndese que os beneficiarios cumpren os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

8- Correspóndelle á Xunta de Goberno Local, no prazo de **tres meses**, que se computará a partir da publicación desta convocatoria, a resolución motivada do procedemento, que conterá a relación de solicitantes aos que se lle concede a subvención, facendo constar, expresamente, a desestimación do resto de solicitudes.

9- A resolución do procedemento poderá notificarse ás entidades beneficiarias, ou ben, por tratarse dun acto integrante dun procedemento de concorrencia competitiva, substituírse dita notificación pola publicación no BOP, na páxina web (www.vigo.org) e no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo, conforme ao art. 59.6.b) da Lei 30/92, de 26 de novembro, de RXAP e PAC.

No caso de optar pola notificación, en todo caso, durante o mes seguinte a cada trimestre natural, publicaranse no BOP as subvencións concedidas, individualmente consideradas, cuxo importe sexa de contía superior a 3.000 €, con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e programa específico subvencionado. As que non superen dita contía serían obxecto de publicación no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo e na páxina web do Concello.

Dende o día seguinte a recepción das notificacións de resolución polas interesadas ou, no seu caso, dende o día seguinte á publicación da resolución, as beneficiarias dispoñen dun prazo de dez días naturais para a aceptación ou renuncia da subvención concedida, que debe comunicarse por escrito no Servizo de Participación Cidadá, transcorrido o cal, sen manifestación expresa ao respecto, entenderase tácitamente aceptada.

10- O vencemento do prazo máximo sen terse notificada a resolución, lexitima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención, sen prexuízo do disposto no art. 43.3.b) la Lei 30/92 ao respecto.

11- Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano que a ditou no prazo dun mes. Entenderase desestimado se transcorre outro mes sen contestar; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses. Así mesma, contra a presente resolución tamén poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo no indicado prazo. En todos os casos, os prazos contáranse a partir do día seguinte ao da notificación, publicación ou de desestimación do recurso de reposición.

12- A beneficiaria poderá renunciar, expresamente, á subvención concedida, total ou individualmente por Programas, renuncia que será aceptada de plano polo administración concedente, declarando concluso o/s procedemento/s correspondente, de conformidade cos artigos 90 e 91 da Lei 30/92, de RXAP e PAC. A renuncia realizarase no **Anexo XI**, aprobado con estas bases. A non presentación da/s correspondente/s renuncia/s cando proceda, determinará a imposibilidade de concorrer á convocatoria de subvencións da Concellería de Participación Cidadá no vindeiro exercicio presupostario.

DÉCIMO SEGUNDA.- SUBCONTRATACIÓN

A entidade beneficiaria poderá subcontratar con terceiros a execución do servizo que constitúe o obxecto da subvención, entendéndose que subcontrata, cando concerta con terceiros a execución total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto da subvención. Porén, non se considera como tal a contratación daqueles gastos en que debe incurrir a beneficiaria para

realizar por sí mesma a actividade subvencionada.

DÉCIMO TERCEIRA.- PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN OUTORGADA

As beneficiarias das subvencións quedan obrigadas a xustificar documentalmente o cumprimento das condicións impostas e da aplicación dos fondos recibidos. **O prazo máximo para a xustificación das mesmas finaliza o 31 de xaneiro de 2013.** Noutro caso, perderase o dereito a percibir a axuda.

A conta xustificativa que se rende ante o órgano concedente da subvención, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario e consiste na xustificación do gasto realizado, baixo responsabilidade do declarante, mediante os xustificantes directos do mesmo. Tratarase de facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente, con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, que permitan acreditar o cumprimento do obxecto da subvención pública.

Os lugares de presentación da conta xustificativa serán os mesmos previstos para a presentación das solicitudes.

Estará a disposición das beneficiarias, na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org), o documento “Guía para a xustificación das subvencións”, sobre como elaborar unha memoria de actuacións.

A conta xustificativa das subvencións outorgadas conterán a seguinte documentación e información:

a) **Anexos V, VI e VII “Solicitudes aboamento xustificación”**: Unha solicitude de abono da subvención, debidamente cumprimentada, para cada un dos Programas subvencionados, segundo Anexos V (mantemento), VI (investimento equipamento) e VII (investimento obras), cada unha das cales, será rexistrada no Concello de Vigo con un número de documento de entrada distinto, nos que se deberá cumprimentar, necesariamente o/os:

- datos da entidade solicitante
- resumo económico da subvención concedida (custe proxecto, contía subvencionada, contía total xustificada e importe total dos documentos xustificativos orixinais achegados e solicitude devolución dos mesmos)
- resumo económico da memoria xustificativa (concepto de gastos realizados polo miúdo, gastos, contía solicitada)
- lugar, data, sinatura e selo

b) **Anexo VIII “Información complementaria Xustificación”**, común para os Programas subvencionados, no que se debe reflectir, necesariamente:

- datos da entidade solicitante
- datos do/a representante legal
- domicilio a efectos de notificación
- subvención/s cuxo aboamento solicita
- autorización para solicitar de información tributaria
- declaracións responsables (veracidade dos datos e cumprimento das bases, aplicación dos gastos á actuación subvencionada, abono dos gastos, retención do IRPF, non dedución do IVE, non percepción doutras axudas, estar ao corrente das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, non incursión nas prohibicións do art. 13 da LXS)
- sistemas de información, comunicación e publicidade

- documentación achegada, riscando cando proceda, segundo os programas subvencionados que se xustifican

c) **Memoria de actividades realizadas**, conforme ao proxecto achegado coa solicitude, que fundamentaron a concesión da/s subvención/s realizadas, e na que deberá figurar, como mínimo, e para cada unha delas, a seguinte información:

1. Denominación
2. Finalidade
3. Financiamento.
4. Materiais empregados.
5. Datas e lugar de celebración.
6. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
7. Nos cursos de formación explicitarase, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes e do monitor/a con apelidos e nome, enderezo e número de teléfono.
8. Actuacións realizadas.
9. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade.
10. Memoria de prensa e comunicación.
11. Rexistro fotográfico e ou audiovisual da actividade realizada, en todo caso, para a actividades executadas con posterioridade á presentación das solicitudes de subvencións.
12. No que atinxe as consultas e solicitudes de información, presencial, telefónica ou por escrito sobre os temas derivados do desenvolvemento da súa actividade, así como as consultas de interese xeral, a memoria final, indicará, así mesmo, a identificación das persoas e/ou entidades solicitantes, con expresión do nome e apelidos ou denominación e nº de teléfono de contacto, que posibilite a posterior comprobación do cumprimento das condicións, asunto xeral, así como, desglose estadístico das mesmas.
13. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo, e para cada unha das actividades levadas a cabo, a difusión pública do cofinanciamento, en todo caso, para a actividades executadas con posterioridade á presentación das solicitudes de subvencións.
14. Resultado obtidos, desviacións e conclusión.
15. Xustificar en que medida a subvención dos gastos de mantemento (Programa I), de investimento en equipamento (Programa II) e/ou de investimento en obras (Programa III), contribúen ao desenvolvemento das actividades da subvención.

d) **Unha memoria económica dos gastos realizados, polo miúdo, para cada un dos Programas subvencionados**, conforme ao **Anexo IX**, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun "x" diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificadas e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, e achegarse orixinais por importe igual ou superior á subvención concedida, respecto de cada Programa individualmente considerado.

e) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse **orixinais que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida**, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada.

- os documentos xustificativos orixinais achegados poderán devolverse á beneficiaria, previa solicitude por escrito no momento da súa presentación, en cuxo caso, e para posibilitar o control da concorrencia das subvencións, serán validados e computados

polo servizo xestor, mediante selo existente ao efecto, no que se fará constar a subvención para cuxa xustificación foron presentados, indicando o porcentaxe do mesmo que se imputa á subvención

- en ningún caso, os orixinais poderán ser substituídos por copias compulsadas nin se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa.
- os gastos realizados acreditaranse mediante facturas que inclúan todos os elementos legalmente esixidos. En ningún caso se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa.
- os elementos que deberán incluírse nunha factura serán os sinalados pola normativa en cada caso aplicable (RD 1496/03), considerándose imprescindible que recolla o nome ou razón social da empresa que factura e o seu NIF, data de emisión, importe e detalle de cada un dos obxectos ou conceptos facturados, Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) de forma diferenciada, base impoñible, tipo do IVE aplicable e importe total. Si se trata de facturas que conteñan retención de impostos (IRPF) deberá igualmente acreditarse o ingreso da retención.
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fehaciente da exención expedida polo órgano ou administración competente.
- para considerar debidamente acreditados os custes salariais correspondentes a gastos de persoal, deberán acompañarse copias do contrato de traballo, nóminas correspondentes asinadas polo perceptor e pagadas, Modelo 111, de retención e ingresos a conta do IRPF do trimestre correspondente e/ou, no seu caso, Modelo 190, de retencións e ingresos a conta do IRPF, que inclúe resumen anual e relación de perceptores, coas respectivas acreditacións bancarias de pago, así como, tc2 (relación nominal de traballadores) e tc1 (recibos de liquidación de cotizacións á Seguridade Social) acompañados dos correspondentes comprobantes de pago. Así mesmo, achegarase fotocopia do contrato de traballo.
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención
- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas ou nóminas, computaranse o gastos acreditados deducido o IVE
- o IRPF será subvencionable cando se acredite que se practicou a pertinente retención, e que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria
- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención.
- cando se xustificuen gastos de aluguer, Modelo 115 de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento

f) A beneficiaria acreditará **estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias (administracións estatal, autonómica e local) e coa Seguridade Social**, mediante a presentación dos correspondentes certificados. Porén, non será necesario presentar novas certificacións ao respecto, se as obrantes no expediente de concesión, seguen viventes conforme ao art. 23.3 do RLXS.

Non será preciso achegar os certificados de estar ao corrente coas obrigas tributarias fronte á Axencia Tributaria, se a entidade autorizou, expresamente, ao Concello de Vigo para a súa expedición por medios telemáticos ou informáticos.

Cando a contía subvencionada para os Programas II e III sexa inferior a 3.000 euros, admitirase

a acreditación simplificada de ditas circunstancias mediante declaración responsable. Así mesmo, permítese o réxime simplificado de acreditación na subvención con cargo ao crédito orzamentario do capítulo IV (gastos do Programa I).

En todo caso, o Servizo de Participación Cidadá comprobará de oficio que as entidades solicitantes das subvencións están ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias co Concello de Vigo.

g) No seu caso, **certificación do secretario** da entidade conforme o **equipamento adquirido e subvencionado se incorporou ao seu inventario da entidade**, con indicación expresa do fin concreto para o que se destinarán o/s ben/s subvencionado/s e o período durante o cal quedarán afectados a dito fin, que será, como mínimo, de dous anos.

h) Para a xustificación do Programa III, é preciso a presentación da **licenza municipal de obras**, ou, no seu caso, comunicación previa, de seren esixibles conforme á normativa urbanística.

i) No suposto de nova construción, rehabilitación e mellora integral de bens inventariables e inscribibles nun rexistro público, a **inscripción no Rexistro da Propiedade**. Na mesma deberá figurar, necesariamente, o destino do/s ben/s ao fin concreto para o que se concedeu a subvención, o importe da subvención concedida e o período durante o cal a beneficiaria debe destinar o/s ben/s a dito fin que, como mínimo, será de cinco anos.

j) Cando o obxecto subvencionado sexa a adquisición dun ben inmovible, deberá achegarse **escritura de compravenda**, na que deberán figurar os extremos indicados no apartado anterior.

k) De ser o caso, os **tres orzamentos** que, en aplicación do art. 31.3 da LXS debe ter solicitado a beneficiaria, cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 50.000 € na execución de obras ou 18.000 € no subministro de bens de equipamento ou prestación de servizos. Non serán esixibles cando os gastos en obras ou equipamento se tiveran realizado durante o ano 2012 pero con anterioridade á solicitude desta subvención.

l) Cando entre os gastos de mantemento xustificados no Programa I se inclúan os gastos de aluguer, así como, cando se xustifiquen obras levadas a cabo nun local alugado, deberá achegarse fotocopia do **contrato de aluguer**.

m) **Acreditar a difusión pública da colaboración municipal no financiamento dos gastos**, mediante a inserción, en lugar preferente, do logotipo oficial do Concello de Vigo, segundo **Anexo X (“Publicidade corporativa- cartelería”)** desta convocatoria: no taboleiro de anuncios da entidade estará visible, en modelo oficial, que o Concello de Vigo colaborou no financiamento das gastos de mantemento, investimento en obras, investimento en equipamento e/ou en obras, e, en xeral para o fomento das actividades sociocomunitarias, sen prexuízo, no caso do investimento, da acreditación de dita publicidade na obra e/ou equipamento subvencionados.

n) comunicar o número de conta corrente ao que transferir a subvención, mediante a presentación de **código de conta cliente** da entidade bancaria correspondente.

ñ) para o caso de que a entidade beneficiaria declare ter recibido outras subvencións para os mesmos gastos subvencionados nos Programas desta convocatoria, ou para a mesma finalidade procedentes de calquera das administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, deberá achegar **fotocopia compulsada da resolución de concesión** das mesmas.

o) acreditar que se cumprir co disposto no art. 8 do Regulamento de Participación Cidadá, que obriga a presentación, no último trimestre do ano, do balance económico do exercicio e proxecto de actividades e orzamento para o ano a seguir. Noutro caso, achegar dita documentación.

DÉCIMO CUARTA.- COMPROBACIÓN DAS SUBVENCIONES

No caso de ser incompleta ou defectuosa a documentación achegada, concederáse a entidade beneficiaria un prazo improrrogable de 10 días hábiles para a súa subsanación ou entrega, transcorridos os cales, sen atender ao requirimento, teranse por desistidos da súa petición previa resolución ditada nos termos previstos no art. 42 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

De conformidade cos documentos xustificativos achegados, o persoal técnico do Servizo de Participación Cidadá será o encargado do seguimento da execución da subvención, así como informar sobre a adecuada xustificación da subvención, mediante a emisión dun informe que incorporará ao expediente, no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, a desestimación o desistimento da solicitude, así como, a renuncia á subvención.

DÉCIMO QUINTA.- OBRIGA DE INFORMACIÓN

As entidades beneficiarias deberán facilitar toda a información e documentación que, que en relación aos expediente de subvencións, lle sexa requirida pola Concellaría de Participación Cidadá, así como, pola Intervención Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO SEXTA.- ABOAMENTO

O aboamento das subvencións efectuarase mediante transferencia bancaria, unha vez sexan debidamente xustificadas.

Antes de proceder ao pago das subvencións, a entidade beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable en aqueles supostos previsto no artigo 31.7.f) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Así mesmo, deberá comunicar ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

DÉCIMO SÉTIMA- PERDIDA DO DEREITO AO COBRO: REVOGACIÓN, MINORACIÓN, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCIONES. RÉXIME DE INFRACCIONES E SANCIONES

a) Dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención e, por ende, á súa revogación, o incumprimento por parte da entidade beneficiaria da subvención, de calquera das obrigas previstas nestas bases-convocatoria e, en particular de:

- A obriga de xustificación no prazo legalmente establecido
- A non achega da memoria de actividades ou cando a mesma non se axusta aos termos da Base Décimo Terceira
- As obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias, establecidas nestas Bases, con motivo da concesión das subvencións
- Finalidade para a que se concederon que determinou o seu outorgamento
- Adopción de medidas de difusión do financiamento pública recibida nos termos previstos nestas Bases
- Ocultación ou falsidade de datos e/ou documentos ou obtención de subvencións falseando as condicións requiridas para iso.

- Concorrenca de calquera outra das causas previstas no art. 37 da LXS.

Procederá a revogación parcial, por Programas, cando os incumprimentos a que se refire o apartado anterior se produzan únicamente respecto dun dos dous Programas para os que obtivo subvención

O acordo da Xunta de Goberno Local que determine a revogación total ou parcial da subvención, adoptarse previa instrución do expediente, cuxo inicio se notificará á entidade co conseguinte trámite de audiencia e prazo para formular alegacións, e no que deberá constar informe e proposta razoada do servizo de Participación Cidadá.

No caso de que, por concorrencia de subvencións, a contía das axudas superen o custe do proxectos subvencionados, procederá a redución ou minoración da subvención no exceso, no seu caso, reintegro das cantidades percibidas indebidamente.

b) Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa das actuacións subvencionadas, traducible a termos económicos, en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo ou condicións da subvención, procederá a aplicación da regra de proporcionalidade a efectos de perda do dereito ao cobro e conseguinte redución proporcional da contía da subvención.

c) Para a determinación das causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas, estarase ao disposto nos artigos 36 e ss. da LXS. En todo caso, cando concorran causas de reintegro, a entidade reintegrará as cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de demora dende o aboamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

d) En canto ás infraccións e sancións en que poidan incurrir os beneficiarios destas axudas, e o procedemento para a súa imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento nos seus preceptos básicos, ou, no seu caso, o título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvención de Galicia, e o RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que aprobou o Regulamento de Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

DÉCIMO OITAVA.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos das entidades solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvencións, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os referidos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento o Servizo de Participación Cidadá do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Participación Cidadá do Concello de Vigo.

DÉCIMO NOVENA.- NORMATIVA DE APLICACIÓN

Esta convocatoria réxese polas súas Bases, pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2012, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

VIXÉSIMA.- A presente convocatoria, cuxas contido responde ao disposto no art. 20 da LSG, publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo.

34(1183).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non hai intervencións.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás 14,15 horas. Como secretaria dou fe.

am.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

M^a Jesús Lago Rey.